CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal

www.dodro.gal

ACTA Nº 2022/10

SESIÓN Ordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN
- Casa do Concello, martes 18 de outubro de 2022 -

No día da data, ás 20:04 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnense os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:
FRANCISCO XABIER CASTRO TOURÍS

ASISTEN:
PSdeG-PSOE
ANA MUÑIZ ABUÍN
RAMON ABUÍN GÓMEZ

BNG
XOAN BAUTISTA MARIÑO ABUÍN

PP
JOSE PABLO CARBAJAL IGLESIAS
VALENTIN ALFONSIN SOMOZA
SERGIO JOSE BOGA GÓMEZ

Unidade Veciñal de Dodro
XOAN XOSÉ VICENTE FRANCO
ABEL TARRÍO ABUÍN

AUSENCIAS:
PP
ADRIANA SÓÑORA BUSTELO
M. SOLEDAD BOGA GRELA

SECRETARIA-INTERVENTORA:
SANDRA MARIA GARCIA CHENLO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

A) Dación en conta:

1. DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA

2. DACIÓN EN CONTA AO PLENO DE ASUNTOS VARIOS

B) Deliberación e acordo:

3. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.

4. RATIFICACIÓN RESOLUCIÓN 234/2022, DE 23/06/2022 PARA A POSTA EN MARCHA E EXECUCIÓN DO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO 2022/23.

5. RATIFICAR A RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 467/2022 DO 09/09/2022 RELATIVA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN E XESTIÓN COMPARTIDA DO PROXECTO DE PREVENCIÓN DE CONDUTAS ADICTIVAS DOS CONCELLOS DE DODRO, PADRÓN, ROIS, VALGA E RIANXO (2022-2025).

6. ADHESIÓN AO PLAN XERAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS E MEDIDAS ANTI-FRAUDE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA (PREMADECOR) E DELEGACIÓN DAS FUNCIÓNS DE ANÁLISE DE RISCOS, USO DO CANLE DE BO GOBERNO E DENUNCIAS, INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN DOS PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS DE COMPETENCIA DA ADMINISTRACIÓN LOCAL.

C) MOCIÓNS

7. REXEITAMENTO DO VETO A PESCA DE FONDO POR PARTE DA COMISIÓN EUROPEA.

8. GRUPO MUNICIPAL DO PSdG-PSOE EN DEFENSA DO SERVIZO BÁSICO E ESENCIAL DA EDUCACIÓN PÚBLICA.

9. GRUPO DE GOBERNO MUNICIPAL DO CONCELLO DE DODRO- SOBRE A PROBLEMÁTICA VIVIDA POLAS TRABALLADORAS DEO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR.

10. MOCIÓN DE APOIO AO MANIFESTO EN DEFENSA DA CRTVG- GRUPO DE GOBERNO DO CONCELLO DE DODRO.

MOCIÓNS DE URXENCIA

11. MOCIÓN EN DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA GALEGA GRUPO MUNICIPAL UNIDADE VECIÑAL DE DODRO.

D) CONTROL DO GOBERNO:

12. ROGOS E PREGUNTAS

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Disculpen polo retraso. Vamos a empezar co Pleno Ordinario do mes de outubro, ás oito e catro minutos, co punto*

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

número 1 da sección A) Dación en conta. Dación en conta dos decretos da alcaldía

Interrompe o **sr. Valentín Alfonsín Somoza**: *"Sr. alcalde, me permite soamente por unha cuestión de orden intervir..."*

Sr. alcalde: "*Non sei si é cuestión de orden ahora mismo, ou non".*

Sr. Valentín Alfonsín Somoza: *"Creo que si porque afecta á celebración deste pleno"*

Sr. alcalde*: Hombre eu penso que non...bueno non sei, si, non teño problema en que vostede ahora mismo diga o que ten que dicir, si".*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP: *"Bueno, boas tardes a todos. Queremos decir: primeiro este Pleno tíñase que haber celebrado o pasado xoves, pero o señor alcalde, unha vez máis, pon por diante da súa actividade de alcalde a súa actividade..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"A ver, eso non é unha cuestión de orden. Voulle dicir unha cousa, agora mismo lle retiro a palabra neste punto, porque esto non é cuestión de orde. Si vostede ten que decir sobre a celebración do Pleno no día de hoxe, ou ten que facer algo, o que lle pareza, que xa demostrou moitas veces que faino sin pedir permiso e sin comentar no pleno, pois fágao ao acabar o Pleno, fágao donde teña que facelo".*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP: *"Eu creo que é mellor antes do Pleno, porque non existe convocatoria do Pleno como tal"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"No. O pleno vaise celebrar hoxe ás oito da tarde, o Pleno ordinario"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP: *"Non existe convocatoria do Pleno como tal, e nos non estamos convocados como tal. Non existe a convocatoria"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Vostede actúe como lle pareza, nos vamos a celebrar o Pleno."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP: *"vimos precisamente para dicir que non estamos convocados,* somos participantes, *como ben vostede sabe"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Eu xa digo, o que teñades que facer, facédelo despois, vamos a levar adiante o Pleno. Vos, si non estades, non estades. Se non estades convocados, será que non estades convocados e xa actuaredes en consecuencia. En todo caso, Punto 1 Dación de Conta dos Decretos da alcaldía"*

A) DACIÓN EN CONTA:

1. DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA

Procédese co primeiro punto da Orde do día, que a a continuación se transcribe

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

de xeito literal:

"Exp.: 2022/G006/000298
Asunto: Resolucións da Alcaldía

Dáse conta das resolucións que van desde o número 350/2022 ao 529/2022, en cumprimento do disposto no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro).

Asinado dixitalmente, na data que figura na marxe, polo alcalde Francisco Xabier Castro Tourís."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: "*Son os decretos, son 179 decretos, resolucións, corríxeme si me equivoco, son do 350 ao 529, pode ser, e a maior parte son de xestión de biomasa, son practicamente o 95% das resolucións son de xestión de biomasa, é o traballo que se fai no concello para intentar cumprir coa lei. Temos un resultado dese 95% practicamente o 90%, os veciños atenden as resolucións de alcaldía, e outro porcentaxe que non as atenden, continúan adiante, en todo caso, as resolucións da alcaldía está aí a disposición dos concelleiros do Pleno".*

Os concelleiros e concelleiras quedan informados das resolucións da alcaldía indicadas.

2. DACIÓN EN CONTA AO PLENO DE ASUNTOS VARIOS.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Vamos pasar ao punto seguinte, que é dación ao Pleno de asuntos varios.*
Aquí hoxe vai ser un día un pouquiño especial porque, ante a cantidade de información falsa que está a proliferar nas redes sociais e outros medios, por parte de certo grupo político, con representación neste concello. Teño a intención de explicar publicamente a todos os asistentes a este Pleno ordinario e seguirei facendo nos futuros plenos, as accións que se están a levar a cabo dende o goberno municipal, coa única intención que a claridade e a transparencia, sexan o que mova a política no concello de Dodro, e non nos deixemos engaiolar, polas fakes-news que certos persoeiros expanden gratuitamente por onde poden.

Polo tanto, unha das dación en conta é:

1. As propostas presentadas ao director da AXI, como son:
- *A mellora do alumeado, para o coñecemento dos concelleiros e tódolos veciños*
- *A mellora do alumeado e accesibilidade do enlace AG11 coas estradas*

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

AC305 e AC307 a Lestrobe

- *A creación dun sendeiro e a renovación completa de instalación do alumeado, que o partido popular tivo esquecido, durante máis de oito anos.*
- *O arranxo da senda da AC305, no punto quilométrico 1 ao punto quilométrico 1,070, no lugar A Igrexa de Dodro, que leva a renovación completa do pavimento de formigón e a implantación dunha varanda de protección, que igualmente, para o pp non se tivo en conta.*
- *A mellora da accesibilidade na marxe da AC305 no punto quilométrico 1,830 ao punto quilométrico 1,900 no lugar de Vigo, que é unha creación dunha senda, adaptación de rede de pluviais e solucionar a diferencia de cotas coa rasante da estrada que permite garantir as condicións de accesibilidade, que o partido popular nunca considerou.*
- *A renovación de pluviais na marxe dereita da estrada AC305 desde o punto quilométrico, exactamente no punto quilométrico 6,780 no lugar de Bexo, reconstrución da arqueta existente, que é unha obra do partido popular e do pavimento que garante a accesibilidade.*

A actuación total do orzamento , serían 115.059€

2. A solicitude realizada deste goberno, non polo partido popular de Dodro, de renovación integral do CPI Eusebio Lorenzo Baleirón, un momentiño, por favor, que teño aquí, e aquí vou a dar puntualmente esto que é , o pasado 05 de outubro, na mesa de contratación das obras de rehabilitación integral do CPI Plurilingüe Eusebio Lorenzo Baleirón de Dodro, cofinanciadas polo Fondo Europeo de desenvolvemento Rexional, nun 80%,, no marco do programa operativo FEDER Galicia 2014-2020, acorda:
Propor ao órgano de contratación adxudicación do contrato ao operador económico constituído pola UTE Construcciones Orega s.l. e Construcciones Delfín Ferreiro Rodríguez s.l., por achegar unha oferta cuxa relación precio-calidade, é a axeitada para executar a obra que se pretende, o importe da adxudicación con IVE 1.403.320,65 €, prazo de execución, 5 meses.
O actual goberno municipal de Dodro, iniciou a solicitude rehabilitación integral do CPI, como unha demanda necesaria do sector educativo no ano 2019. O 18 de setembro, un día antes da reunión celebrada na Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, o 19 de setembro dese 19, ao cal asistiron o alcalde Xabier Castro, o concelleiro de educación Abel Tarrío, e a representante da ANPA , Natalia Romero. Foi enviado a través do Sistema de Interconexión de Rexistro, SIR, un Informe solicitando aos servizos municipais sobre a necesidade de rehabilitación integral do CPI quede claro, a frase, rehabilitación integral do CPI, feita en setembro do ano 2019 por este goberno.
Tamén se fixo un informe de cuberta, redactado polo entón arquitecto municipal, feito achegado á Secretaría Xeral Técnica, en novembro do ano 2020, como reforzo da petición da rehabilitación integral .
Dende fai meses o concello de Dodro, ten os informes necesarios, internos e externos, para a concesión da licenza municipal, á espera de que se proceda ao pago das taxas e o ICIO por parte da empresa adxudicataria.
Ante todo isto e as publicacións nas redes sociais, que está a facer o partido

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

popular de Dodro, de que sempre pediron a rehabilitación integral, o partido popular de Dodro, entrecomillado esto, felicítase de que a consellería de Dodro escoitase, perdón, a Consellería de Educación, escoitase a súa proposta e optase por unha reforma integral do edificio de CPI, e non por unha substitución parcial das ventanas e cubertas como pedía o goberno socialista- nacionalista.
Lembrar a reunión no mes de maio do 19, pouco antes das eleccións, con pais e nais, membros da ANPA, o Xefe Territorial da Consellería de Educación, o alcalde, naquel momento, señor Valentín Alfonsín, e a tenente de alcalde, tamén naquel momento, dona Marisol Boga, onde o xefe territorial comprometeuse a invertir 20.000€ no curso 2019-2020, para cambiar as fiestras do CPI Eusebio Lorenzo Baleirón, de acuerdo con la información publicada por el Ayuntamiento en su perfil oficial de las redes sociales, esta última frase, tamén entrecomillada, informaba La voz de Galicia o día 22 de maio do 2019 co titular "La Xunta cambiará el próximo curso las ventanas del CPI de Dodro".
Quen pedía a substitución parcial das ventanas e cubertas era o anterior goberno, segundo aquela reunión. A mentira ten as patas moi cortas.
Pero non é todo, no Pleno do 10 de outubro do ano 19, aprobouse unha proposta da alcaldía, onde se pedía, da alcaldía do ano 19, onde se pedía á Consellería de Educación a inclusión do CPI de Dodro, Eusebio Lorenzo Baleirón, no Plan de Dotación de Infraestruturas Educativas 2016-2021, para tentar levar a unha proposta unitaria, e o PP de Dodro, non votou a favor, outubro do ano 19, o PP non votou a favor.
Demandamos da Consellería de Educación a máxima celeridade, para que o alumnado do CPI Eusebio Lorenzo Baleirón de Dodro, poida disfrutar dunhas instalacións que merecen dende fai tempo e que so lle prestou interese por conseguir, so se lle prestou interese por conseguir a financiación necesaria coa achega no ano 19 do actual goberno municipal en colaboración coa dirección do centro e ca ANPA. Deixen , por favor de mentir, o PP non conseguiu nada, se non, unha promesa de 10.000€ escasa, bueno de 20.000, perdón ,para o resto e fiestras.

3. Actuacións en Dodro, incluídas no obradoiro de emprego 2022 que se va a cometer:

- *Pavimentación no campo da Devesa en Lestrobe, pavimentación dunha superficie de 580m$^{2.}$*
- *Corrección de impactos paisaxísticos no lavadoiro de Castro. Reforma integral do lavadoiro e pavimentado de lousas.*
- *Corrección de impactos no local social de Traxeito, con obras de mellora de fachada e limpeza e posterior limpado.*

As actuacións teñen un orzamento de 47.126,62€.
Espero que ningún diga que son deles tamén.

4. Obras incluídas no Pos anteriores a 2022:

- *Pos adicional 19. Saneamento en Cancela Abrea. Adxudicada e pendente de presentación de documentación por parte do adxudicatario.*
- *Pos do 21. Substitución obra de drenaxe en Manselle e saneamento en Muronovo, adxudicada. Lembrar que este Pos, o partido popular de Dodro*

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

votou en contra.

- *Pos adicional do 21. Mellora na seguridade viaria en Eiró, adxudicada pero pendente de presentación de documentación. Non se contou tampouco co voto do partido popular deste concello*
- *Renovación da rede de abastecemento de Lestrobe, adxudicada ao igual que o anterior, pendente de presentación de documentación. Recordar tamén, que o partido popular tamén, votou na mesma liña que antes. Votou en contra de esta obra.*

5. Obras do Pos 22 e complementario:

- *Pavimentación no Piñón e outro camiño en Paizal.*
- *Mellora de rueiros no núcleo de Manselle.*
- *Mellora dos rueiros en Teaio e outro na Igrexa de Laíño.*

Actuacións autorizadas recentemente pola Deputación provincial e pendentes de contratar. Tampouco contan co apoio do partido popular.

6. Actuacións no Fondo de Compensación ambiental.

- *Substitución de luminarias e mellora do alumeado en Tarrío , adxudicadas.*
- *Mellora da pista da fonte Primeiral A Chisca, conxuntamente co Concello de Rois, tamén adxudicada.*

7. Outras actuacións

- *Mellora da cuberta do lavadoiro de Teaio, rematadas as obras. Recordo que durante os oito anos do anterior goberno a este que está aquí ahora mismo, non tivo, o goberno tivo completamente esquecido, nin aplicou unha capa de barniz.*
- *Renovación do cruce pluviais en Bustelo e renovación do pavimento en cruce de Teaio, hai uns días foron adxudicadas, sempre mirando para outro lado con este tipo de deficiencias.*
- *Instalación de marquesinas para aparcamento de bicicletas, na praza do Concello e na CPI. Xa sabemos que o partido popular, en Dodro, e ó voceiro expresamente, non lle gusta nada, nin a denominación da plaza, nin o uso das bicicletas, nin o aparca bicicletas.*

A verdade é que esto todo, é para que alguén, concretamente os veciños, sepan quen está a facer as cousas no Concello de Dodro. Todavía temos un par de dacións en conta máis.

8. Unha é a Dación en conta do escudo de Dodro, porque ante as publicacións do partido popular de Dodro, de que o actual goberno cambiou o escudo do Concello, vou dar en conta ao Pleno as seguintes consideracións:
O anterior escudo eráldico de Dodro, aprobouse, por parte da consellería de Xustiza Interior e Relacións institucionais o 16 de xuño do ano 95, e foi publicado no Diario Oficial de Galicia o luns 3 de xullo do mesmo ano, onde se dispón: "Aprobar o escudo eráldico do concello de Dodro, que quedará organizado do seguinte xeito: de ouro e sobre ondas de azur e prata, un piñeiro da súa cor, froitado do mesmo, bordura de gules, con oito vieiras de ouro, co timbre coroa real pechada". Dende esa data, o escudo de Dodro, non sufriu ningunha

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

modificación por parte deste goberno, como está a difundir o portavoz do partido popular de Dodro. Outra cousa é a imaxe de identidade corporativa adoptada por este concello, en setembro do ano 19, que pretende unha imaxe máis moderna de Dodro, como xa o fixeron outros concellos, como Teo, Compostela, Brión, Rianxo e un largo etcétera.
O mesmo, a propia Xunta de Galicia, que polo que sea está dando unha imaxe que confunde o portavoz do partido popular, ou que pretende facer confundir aos veciños do Concello de Dodro.
Tamén teño unha cousiña máis aquí e xa remato, que é ante a publicación tamén, en redes sociais, en xaneiro deste ano, porque a noticia é a seguinte:

9. En xaneiro deste ano publicouse no diario, perdón, no Boletín Oficial da Provincia, a modificación puntual do PXOM de Dodro, para relocalizar o suelo urbanizable industrial S-01, como esto sucedeu en xaneiro do ano 22, xa debía estar asumido polos grupos políticos do Concello de Dodro, sen embargo, parece que temos que volver a aclarar certas cousas, xa que a algún non lle quedou suficientemente claro. Esa publicación, de xaneiro do ano 22, faise para cumplir a sentecia 199/20, así como o cumplimento da resolución do recurso contencioso administrativo do TSJ de Galicia, iniciado todo esto, por unha denuncia dun tal don Valentín Alfonsín Somoza, contra o Concello de Dodro .
Segundo , a orden do 10 de abril do ano 19 , abril do 19, a Consellería de Medio Ambiente Territorio e Vivenda, que se titula, abro comillas "de Aprobación definitiva de la Modificación puntual del Plan General de Ordenación Municipal de Dodro, para reubicar el suelo urbanizable industrial S-01", donde constan as sesións de aprobación por parte do Concello de Dodro, do Pleno, dos plenos do Concello de Dodro, unha de data 5 do 10 do ano 17, outra de aprobación do ano, perdón de data 10 do 5 do ano 18, e a última, de data 21 do 2 do ano 19, sendo alcalde e tendo maioría suficiente, o que no párrafo anterior constaba como denunciante ao Concello .
Terceiro, a aprobación da modificación é competencia da Consellería, repito, da competencia da Consellería, tal e como consta no mesmo texto da orde na páxina mil nove oito vinte sete que di, e esto vouno ler casi todo porque é moi fácil: a competencia da modificación e aprobación é de : "La competencia para resolver sobre la aprobación definitiva de una modificación puntual del Planeamiento General, corresponde a la Consellería de Medio Ambiente, Territorio y Vivienda, de conformidad con lo dispuesto en los artículos 60, 61.1 y 83.5 de la LSG", polo tanto quen asigna a aprobación definitiva da modificación puntual é a señora Ángeles Vázquez Mejuto, en data 10 de abril do ano 1919, como conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

Creo que estas dacións en conta facía falta que chegaran aquí ao Concello, moitas gracias . Vamos a pasar ao punto seguinte."

B) DELIBERACIÓN E ACORDO:

3. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Son as actas de agosto e de outubro, un extraordinario e un ordinario. Vamos a pasar a de agosto primeiro. Algo que dicir sobre a Acta esta, portavoz do Partido Popular?"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP: *"Volvemos a repetir que non fomos convocados, a convocatoria que nos foi remitida, soamente está asinada pola secretaria municipal que non ten capacidade para convocar plenos, e entendemos que este Pleno non debe celebrarse, se vostedes queren seguir, pois seguirán, pero desde logo, que non hai unha convocatoria legal e de acordo coa normativa, polo tanto este pleno non debe celebrarse, lle estou decindo, se vostedes queren seguir, xa é unha responsabilidade súa. E o feito de que unha fedataria pública de fe dunha firma que non existe nun documento, pensamos que é suficientemente grave como para pensarse as cousas antes de seguir.*
Si queren seguir, sigan vostedes pero xa lles digo, nin os documentos están verificados electronicamente, nin existe convocatoria legal, entonces, pois si queren vostedes seguir, sigan, pero non creo que lles faga gracia ningunha aos outros concellos pensar que ao mellor este pleno é nulo, porque anularía todos os demais. Polo tanto sigan vostedes, vostedes saben o que fixeron, unha trapallada, envían un decreto de convocatoria ás cinco da tarde asinado, única e exclusivamente pola secretaria e case ás dez, a través da plataforma notifica.gal envían vostedes unha notificación. Esa convocatoria está aquí, a temos aquí e soamente consta a firma dixital da secretaria, ás cinco da tarde. Entonces, bueno, hai outra convocatoria?, pode ser, pero a nos, nos temos que rexirnos pola convocatoria que nos é remitida ás cinco da tarde, dacordo? A través do correo do SIGEM, que seguramente lles chegaría a vós, entonces vostedes teñen, hai dúas convocatorias pero a que nos foi achegada é a das cinco da tarde, está asinada única e exclusivamente pola secretaria.
E da outra convocatoria que existe, pois non se verifica na sede electrónica..."

Indica o sr. alcalde que se procede a realizar un receso, interrompéndose pola tanto a sesión, saíndo do salón de plenos a secretaria que subscribe.

Reincorpórase a subscribinte á sesión e retómase a celebración do pleno.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Despois do receso, para aclarar a intervención do portavoz do Partido Popular, doulle a palabra á secretaria para que explique a situación real do asunto".*

A secretaria-Interventora: *"No expediente do Pleno consta o Decreto de convocatoria, que tal e como pode comprobar na notificación que lle chegou; é o 530 do 2022 asinado polo alcalde e tamén pola secretaria, por suposto. E a notificación que lle chega é a do Decreto 530 do 2022, entonces, o Pleno está perfectamente convocado".*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP: *"Esa convocatoria que vostede está a decir, non se verifica na sede electrónica"*

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Sandra María García Chenlo, secretaria-Interventora: *"Igual puxo mal os números, porque ás veces pasa".*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP: *"No, púxeno varias veces e non verifica; verifica a esta convocatoria a que vostede asinou dando fe dunha firma que non existe. Esta si está verificada"*

Sandra María García Chenlo, secretaria-Interventora: *"Di que eu asinei cunha firma que non existe?"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP: *"A convocatoria que vostede enviou a través do SIGEM, aí soamente aparece con firma dixital, a súa, cando aquí di que firma tamén o alcalde, e este documento se introduce vostede o código na sede electrónica o verifica e tamén verifica a notificación...*

Prodúcense outras intervencións simultáneas inintelixibles.

A secretaria-Interventora: *"A cuestión está en que aquí tratase de ver si vostedes están correctamente notificados, non só vostedes, se non tamén o resto dos concelleiros, evidentemente, si están correctamente notificados ou non; as notificacións están no expediente, vostedes recibíronas, e entendo que non hai maior problema"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP: "*Eu dígolle que recibín unha convocatoria, o decreto de convocatoria, que é o que tamén conta realmente, asinado única e exclusivamente pola secretaria. O outro onde está, no o sabemos".*

A secretaria-Interventora: *Está aquí, hai unha convocatoria do pleno asinada"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP: *"Neste momento lle volvo a decir, e se quere o pode volver a comprobar, na sede electrónica.*

Prodúcense outras intervencións simultáneas inintelixibles.

A secretaria-Interventora*:* *"Non teño ningún problema en facerlle chegar o decreto....vostede ten que verificar que recibe a convocatoria, a notificación do decreto que asina o alcalde; vostede recibiuna?"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do P.: *"Unha convocatoria dun decreto..."*

A secretaria-Interventora: *"Un decreto non é decreto ata que o asina o Alcalde; e que é contradictorio nas súas propias palabras"*

Prodúcense outras intervencións simultáneas inintelixibles.

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal

www.dodro.gal

A secretaria-interventora: *Sr. Alcalde, disculpe, eu entendo, pero para todos, que o pleno está convocado, hai un decreto de convocatoria que é o 530/2022, do 13 de outubro de 2022; está a convocatoria que comprobamos agora que está entregada a todos os concelleiros; agora que o alcalde decida se quere continuar ou se quere deixar"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Rematache a explicación?"*

A secretaria-Interventora: *"Si"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pois gracias, vamos a pasar ao punto no que estabamos que é a aprobación se procede das actas das sesións anteriores, estabamos coa acta do xoves 11 de agosto, o voceiro do partido popular xa fixo a súa intervención, concelleiro do partido socialista de Galicia".*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do PSdeG-PSOE: *"Bueno, xa sabemos que o voceiro do partido popular sabe de todo, gran xestor,... pero ceñíndonos á Acta, sin problema, o grupo socialista vai aprobar a Acta".*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Unidade Veciñal, por favor."*

Xoan Xosé Vicente Franco, portavoz de Unidade Veciñal: *"Boas noites, si pola nosa parte vámola a aprobar, non lle miramos tampouco as firmas, as sinaturas e os puntos e comas, pero si, vámola aprobar, cíñese perfectamente ao que se dixo."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz so BNG".*

Xoan Bautista Mariño Abuín, voceiro do BNG: *"Boas noites, si, pola parte do BNG tampouco hai ningún tipo de problema en aprobala Acta".*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pois vamos a proceder á votación"*

1. Acta do 11-08-2022

Sométese a aprobación a acta da sesión plenaria do 11-08-2022 e en votación ordinaria obtense o seguinte resultado:

Votacións:

Votos a favor: 6

1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro

Votos en contra: 0

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

A secretaria que subscribe fai constar que os concelleiros do GM do PP non se pronuncian en ningún sentido, se ben de acordo co artigo 49 do Regulamento Orgánico municipal *"Cando un concelleiro/a ou grupo manifeste que non vota, tal posición terá a consideración de abstención".*

Abstencións: 3
0 BNG
3 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

Resultado: Por maioría absoluta

Estado da Acta: Aprobada

Intervencións:
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Tedes que definir o sentido do voto"*

A secretaria-interventora que subscribe indica aos membros do Pleno que cando un/ha concelleiro/a non se pronuncia, enténdese como abstención, tal e como se indica no artigo 49 do Regulamento orgánico municipal.

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP.: *"Nós decimos que non imos participar en ningún debate, en ningún punto, porque non nos consideramos convocados"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pois entendo que se absteñen. Punto seguinte"*

2. Acta do 04/10/2022

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Turno de palabra do portavoz do partido popular. Entendo que non vai facer uso do seu turno de palabra. Turno de palabra para o portavoz do partido socialista"*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do PSdeG-PSOE: *"O grupo municipal do partido socialista vai a aprobar esta acta"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Unidade Veciñal"*

Xoan Xosé Vicente Franco, portavoz de Unidade Veciñal: *"Si, nada que decir,*

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

aprobarémola"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do BNG"*

Xoan Bautista Mariño Abuín, voceiro do BNG: *"Nada que dicir, o Bloque vai a aprobala tamén."*

Sométese a aprobación a acta da sesión plenaria do 04-10-2022 e en votación ordinaria obtense o seguinte resultado:

Votacións:
Votos a favor: 6
1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro

Votos en contra: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

A secretaria que subscribe fai constar que os concelleiros do GM do PP non se pronuncian en ningún sentido, se ben de acordo co artigo 49 do Regulamento Orgánico municipal *"Cando un concelleiro/a ou grupo manifeste que non vota, tal posición terá a consideración de abstención".*

Abstencións: 3
0 BNG
3 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

Resultado: Por maioría absoluta

Estado da Acta: Aprobada

4. RATIFICACIÓN RESOLUCIÓN 234/2022, DE 23/06/2022 PARA A POSTA EN MARCHA E EXECUCIÓN DO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO 2022/23.

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal

www.dodro.gal

"EXPEDIENTE: 2022/A006/000013 (relacionado co expediente 2022/A008/0000033)
ASUNTO: RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 234/2022 DO 23/06/2022 DE APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE RIANXO, PADRÓN, VALGA, ROIS, PONTECESURES E DODRO PARA A SOLICITUDE, XESTIÓN DO SERVIZO COMPARTIDO, DESENVOLVEMENTO CONXUNTO E POSTA EN FUNCIONAMENTO DO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO 2022
TRÁMITE: PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO

Logo de ver a Resolución da Alcaldía Núm. 234/2022 de data 23/06/2022 pola que se aproba convenio de colaboración entre os concellos de Rianxo, Padrón, Valga, Rois, Pontecesures e Dodro para a solicitude, xestión do servizo compartido, desenvolvemento conxunto e posta en funcionamento do Programa Integrado de Emprego 2022-2023.

Considerando o punto sexto da dita resolución acorda: "Sexto.- Remitir ao Pleno aos efectos de ratificación a presente resolución, en atención ao establecido no artigo 47.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, quedando a presente resolución condicionada a tal ratificación."

Propoño ao Pleno:

PRIMEIRO.- Ratificar a Resolución da Alcaldía Núm. 234/2022 de data 23/06/2022, que se transcribe como anexo.

SEGUNDO.- Dar traslado aos interesados.

Documento asinado electronicamente
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís

ANEXO

EXPEDIENTE: 2022/A006/000013
ASUNTO: CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE RIANXO, PADRÓN, VALGA, ROIS, PONTECESURES E DODRO PARA A SOLICITUDE, XESTIÓN DO SERVICIO COMPARTIDO, DESENVOLVEMENTO CONXUNTO E POSTA EN FUNCIONAMENTO DO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO 2022
TRÁMITE: RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Considerando que a Consellería de Emprego e Igualdade ditou a Orde de 4 de maio de 2022 (DOG núm. 98, de 23 de maio de 2022), pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento TR332A), que dispón no seu artigo 4.1 que poderán ser beneficiarias das subvencións: "a) Os concellos, mancomunidades de concellos ou entidades públicas dependentes ou vinculadas a un concello, cuxa titularidade corresponda integramente a este (...)". E continúa establecendo que "Poderán concorrer agrupacións de concellos nos seguintes casos:
• Concellos limítrofes que conformen unha área xeograficamente continua.
• Concellos que pertenzan todos eles á mesma comarca, aínda que non sexan

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

limítrofes entre si.
• Agrupacións de concellos que reúnan os requisitos do punto anterior aos cales se poden unir outros concellos que, non pertencendo a mesma comarca, limiten xeograficamente con algún dos concellos da agrupación que si pertencen a ela."

Logo de ver o Convenio de colaboración entre os concellos de Rianxo, Padrón, Valga, Rois, Pontecesures e Dodro para a solicitude, xestión do servicio compartido, desenvolvemento conxunto e posta en funcionamento dun programa integrado de emprego ao abeiro da orde de 4 de maio de 2022 da Consellería de Emprego e Igualdade (DOG núm. 98, de 23 de maio de 2022) pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento TR332A) que ten, precisamente, como obxecto a creación dunha agrupación entre os Concellos de Rianxo, Padrón, Valga, Rois, Pontecesures e Dodro para a a solicitude de subvención e xestión compartida do proxecto "Programa Integrado de Emprego do Concello de Dodro 2022-2023 ao abeiro da dita Orde do 4 de maio de 2022 da Consellería de Emprego e Igualdade".

Logo de ver o informe de secretaría-intervención de data 22/06/2022 que consta no expediente, previa solicitude mediante providencia da Alcaldía do 22/06/2022 e considerando que ningunha outra administración está a desempeñar a competencia en materia de Programas Integrados de Emprego no Concello de Dodro, e que ao abeiro do disposto no artigo 22.2 p) en relación co 47.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, o órgano competente é o Pleno da Corporación, así como que non se prevé ningún tipo de aportación municipal.

Sen prexuízo de someter a ratificación plenaria esta actuación, en atención ao previsto no dito artigo 47.2, apartado h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, mais tendo en conta a proximidade da finalización do prazo para a solicitude de subvención, en atención as competencias atribuídas ao Alcalde nos apartados d) e s) do artigo 21.1 da mesma Lei,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar o convenio de colaboración subscrito entre os Concellos de Rianxo, Padrón, Valga, Rois, Pontecesures e Dodro para a solicitude, xestión do servizo compartido, desenvolvemento conxunto e posta en funcionamento do Programa integrado de emprego do Concello de Dodro 2022-2023 que se transcribe.

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal

www.dodro.gal

SEGUNDO.- Aceptar expresamente o nomeamento de D. Francisco Xabier Castro Tourís, alcalde do Concello de Dodro, como representante con poderes suficientes para cumprir con todas as obrigas que correspondan á agrupación de concellos como beneficiaria da subvención, e que actuará como coordinador, interlocutor, perceptor e xustificador da axuda ante a Consellería de Emprego e Igualdade.

TERCEIRO.- Aprobar o proxecto presentado polos concellos de Rianxo, Padrón, Valga, Rois, Pontecesures e Dodro para a realización do Programa Integrado de Emprego do Concello de Dodro 2022-2023 recollido na memoria explicativa.

CUARTO.- Aprobar a solicitude de subvención á Consellería de Emprego e Igualdade, ao abeiro da Orde de 4 de maio de 2022, (DOG núm. 98, de 23 de maio de 2022), pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento TR332A), para a execución do Programa Integrado de Emprego do Concello de Dodro, 2022-2023, cun orzamento de 250.000€, solicitando unha axuda de 250.000€ para a realización de programas integrados para persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, coas seguintes características:

- *Duración do programa: 12 meses*
- *Ámbito de actuación: os concellos de Rianxo, Padrón, Valga, Rois, Pontecesures e Dodro*
- *Nº de persoas que se van atender: 100 persoas traballadoras desempregadas.*
- *Colectivos que se van a atender:*

COLECTIVO	*NÚMERO*	*PORCENTAXE*
Persoas con discapacidade	*2*	*2,00%*
Menores de 30 anos desempregados con baixa cualificación	*12*	*12,00%*
Menores de 30 anos desempregados (non incluídos no grupo A)	*8*	*8,00%*
Persoas desempregadas maiores de 45 anos	*22*	*22,00%*
Persoas perceptores de prestacións, subsidios desemprego ou renda activa de inserción (RAI)	*25*	*25,00%*
Persoas desempregadas de longa duración	*10*	*10,00%*
Mulleres desempregadas	*21*	*21,00%*
TOTAL	*100*	*100%*

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

- *Orzamento: 250.000,00 €*
- *Subvención solicitada: 250.000,00 €*
- *Cofinanciamento dos Concellos: 0,00 €*
- *Obxectivo de inserción laboral: 37%.*

QUINTO.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde de 4 de maio de 2022, (DOG núm. 98, de 23 de maio de 2022), pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento TR332A).

SEXTO.- Remitir ao Pleno aos efectos de ratificación a presente resolución, en atención ao establecido no artigo 47.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, quedando a presente resolución condicionada a tal ratificación.

SÉTIMO.- Dar traslado da presente resolución aos Concellos de Rianxo, Padrón, Valga, Pontecesures e Rois.

OITAVO.- Dar conta ao Pleno, de acordo co disposto no artigo 42 do ROFRXEL

Dodro, asinado dixitalmente
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís
A secretaria-interventora, que da fe.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE RIANXO, PADRÓN, VALGA, ROIS, PONTECESURES E DODRO PARA A SOLICITUDE, XESTIÓN DO SERVICIO COMPARTIDO, DESENVOLVEMENTO CONXUNTO E POSTA EN FUNCIONAMENTO DUN PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO AO ABEIRO DA ORDE DE 4 DE MAIO DE 2022 DA CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE (DOG NÚM. 98, DE 23 DE MAIO DE 2022) POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA A POSTA EN PRÁCTICA DE PROGRAMAS INTEGRADOS DE EMPREGO DE GALICIA, E SE CONVOCAN PARA O ANO 2022 (CÓDIGO DE PROCEDEMENTO TR332A).

REUNIDOS:

Os alcaldes:

Dunha parte: Don Francisco Xabier Castro Tourís, con DNI 78780773T, alcalde do

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Dodro (CIF P1503300D), quen actúa en nome desa entidade.

Doutra parte: Don Adolfo Muíños Sánchez, con DNI 33264742A, alcalde do Concello de Rianxo (CIF P1507300J) que actúa en nome desa entidade.

Doutra parte: Don Antonio Fernández Angueira, con DNI 78797426R, alcalde do Concello de Padrón (CIF P1506600D), quen actúa en nome desa entidade.

Doutra parte: Don José María Bello Maneiro, con DNI 35412262J alcalde do Concello de Valga (CIF P3605600J), quen actúa en nome desa entidade.

Doutra parte: Don Ramón Tojo Lens, con DNI 33268697W, alcalde do Concello de Rois (CIF P1507500E), quen actúa en nome desa entidade.

Doutra parte: Don Juan Manuel Vidal Seage, con DNI 33281926Y, alcalde do Concello de Pontecesures (CIF P3604400F), quen actúa en nome desa entidade.

Todos actúan en nome e representación do seu referido concello, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL) e o artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALG).

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración para a xestión compartida do proxecto de Programa Integrado de Emprego do Concello de Dodro 2022-2023 ao abeiro da Orde de 4 de maio de 2022 da Consellería de Emprego e Igualdade (DOG núm. 98, de 23 de maio de 2022), pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento TR332A), e para o efecto:

EXPOÑEN:

Primeiro.- As entidades municipais, para a xestión dos seus intereses, e no ámbito das súas competencias, poderán promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade dos veciños, segundo os termos establecidos nas leis 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e a lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, son competentes. Os municipios deberán exercer estas competencias sempre dentro do marco establecido pola lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas.

Segundo.-A Constitución, no seu artigo 103, establece o mandato á Administración para que actúe, entre outros, de acordo cos principios de eficacia e coordinación, o cal implica o deber de realizar unha xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles. Tendo en conta que a prestación dos servizos públicos e

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

o fomento e promoción das actividades que ofrecen os concellos esixe un elevado custo, tanto de instalación ou adquisición como de funcionamento e xestión e, en consecuencia, a implantación ou o mantemento dos servizos pode resultar, en ocasións, excesivamente onerosa ou antieconómica para a entidade, débense arbitrar medios que permitan rebaixar custes mantendo a calidade dos servizos, en cumprimento do mandato legal e constitucional.

Terceiro.- Entre os medios que se poden establecer para poder prestar á veciñanza actividades ou servizos en ámbitos diversos de desenvolvemento persoal ou comunitario, destaca a cooperación entre administracións, para potenciar a xestión compartida de recursos, o que se considera, ademais, desexable na boa práctica administrativa.
A colaboración interadministrativa ten a finalidade de poñer en común recursos para as Administracións seren quen de ofrecer, de maneira conxunta, servizos e actividades que en solitario sería moi difícil ou imposible, por custoso ou inoperante, proporcionar. Pode arbitrarse a través do asociacionismo municipal para solicitar subvencións de cara á xestión de servizos compartidos que permitan prestarlle servizos á cidadanía, de maior calidade, e en condicións de igualdade.
Cuarto.- Tanto a lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local como a lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, e a lei 40/2015, de réxime xurídico do Sector Público recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración interadministrativa
O artigo 86 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas dispón que as administracións públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios ou contratos con persoas tanto de dereito público como privado, sempre que non sexan contrarios ó ordenamento xurídico nin versen sobre materias non susceptibles de transacción e teñan por obxecto satisfacer o interese público que teñen encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que en cada caso prevexa a disposición que o regule, podendo tales actos ter a consideración de finalizadores dos procedementos administrativos, ou inserirse nos mesmos con carácter previo vinculante ou non á resolución que lles poña fin.
Os citados instrumentos deberán establecer como contido mínimo a identificación das partes intervenientes, o ámbito persoal, funcional e territorial, e o prazo de vixencia, debendo publicarse ou non segundo a súa natureza e as persoas ás que estiveran destinadas.

Os acordos que se subscriban non suporán alteración das competencias atribuídas ós órganos administrativos nin de responsabilidades que correspondan ás autoridades e funcionarios relativas ó funcionamento dos servizos públicos.

Quinto.-O actual escenario financeiro e a situación socio-laboral dos concellos de Rianxo, Padrón, Valga, Rois, Pontecesures e Dodro precisa buscar solucións ao desemprego e ás necesidades formativas do mercado de traballo, cada vez máis competitivo.

Sexto.- A Consellería de Emprego e Igualdade ditou a Orde de 4 de maio de 2022

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

(DOG núm. 98, de 23 de maio de 2022), pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento TR332A), que dispón no seu artigo 4.1 que poderán ser beneficiarias das subvencións: "a) Os concellos, mancomunidades de concellos ou entidades públicas dependentes ou vinculadas a un concello, cuxa titularidade corresponda integramente a este (...)". E continúa establecendo que "Poderán concorrer agrupacións de concellos nos seguintes casos: • Concellos limítrofes que conformen unha área xeograficamente continua. • Concellos que pertenzan todos eles á mesma comarca, aínda que non sexan limítrofes entre si. • Agrupacións de concellos que reúnan os requisitos do punto anterior aos cales se poden unir outros concellos que, non pertencendo a mesma comarca, limiten xeograficamente con algún dos concellos da agrupación que si pertencen a ela."

Sétimo.- Todos os concellos asinantes pretenden acadar a mesma fin, que é a de executar o proxecto descrito na Orde, mais os medios necesarios para que cada un dos concellos asinantes realicen por si sos a actuacións do programa, dende o inicio da solicitude, a posterior xestión do programa, e ata a súa finalización, resultan antieconómicos e moi gravosos para os intereses de cada concello, pois terían que financiarse tantas actuacións como municipios, cando se pretende acadar mesma fin, polo que resulta máis eficiente empregar un servizo común.
Así, En aras dunha maior eficacia administrativa, e en aplicación dos principios de cooperación, colaboración e asistencia anteditos que deben presidir as relacións interadministrativas, as partes acordan desenvolver unha actuación conxunta para a posta en práctica da actuación consistente no Programa Integrado de Emprego do Concello de Dodro, 2022-2023, ao abeiro da Orde de 4 de maio de 2022 da Consellería de Emprego e Igualdade (DOG núm. 98, de 23 de maio de 2022), pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento TR332A) e presentar un proxecto conxunto para o seu financiamento.

Oitavo.- Os concellos que desexen formular unha solicitude conxunta deberán regular a agrupación ou asociación mediante un convenio de colaboración, que reúna o contido expresado no artigo 49 na lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, e inclúa mención expresa á realización conxunta do proxecto, con indicación das achegas económicas e doutra índole dos concellos agrupados, así como o nomeamento da persoa representante ou apoderada única da agrupación, de acordo co esixido no artigo 8.3 in fine da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Noveno.- Cada solicitante debe cumprir os requisitos esixidos nas bases reguladoras da subvención. Ademais, non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 65 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Por todo o anterior, e co obxecto do desenvolvemento conxunto e compartido, de conformidade co expresado, do Programa Integrado de Emprego do Concello de

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Dodro 2022-2023, os concellos comparecentes acordan subscribir o presente convenio de colaboración segundo as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto.-

Os concellos asinantes acordan crear unha agrupación para a xestión compartida e realización conxunta do proxecto Programa Integrado de Emprego do Concello de Dodro 2022-2023 coa fin de solicitar financiamento á Consellería de Emprego e Igualdade, ao abeiro da Orde desa Consellería de 4 de maio de 2022 (DOG núm. 98, de 23 de maio de 2022), pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento TR332A) establecendo, ademais, o réxime de organización e funcionamento asociado do servizo.

Segunda.- Obxectivos.-

A prestación asociada do Programa Integrado de Emprego do Concello de Dodro 2022-2023 baséase nos principios de eficacia, eficiencia, colaboración e boa administración e ten como obxectivo principal mellorar a empregabilidade e a inserción laboral das persoas traballadoras en situación de desemprego dos concellos implicados, mediante a posta en marcha dun plan integral que combine accións de diversa natureza, tales como: información, orientación e asesoramento, formación transversal en novas tecnoloxías e en idiomas, técnicas de coaching, intelixencia emocional, e técnicas de motivación para a busca de emprego, habilidades sociais e obradoiros de entrevista, fomento da capacidade emprendedora, prospección empresarial, emparellamento de ofertas de traballo coas persoas demandantes de emprego participantes, formación para o emprego, prácticas profesionais non laborais en empresas, obradoiros sobre mobilidade xeográfica no eido laboral, etc.

Terceira.- Ámbito de aplicación.-

O ámbito territorial do servizo será a totalidade dos termos municipais de Rianxo, Padrón, Valga, Rois, Pontecesures e Dodro. Este ámbito poderase sobrepasar dado que, pola natureza das accións formativas que se impartan para a mellora do nivel da empregabilidade das persoas participantes, é posible que aquelas se impartan fora do límite dos tres concellos.

Cuarta.- Sede do servizo. Organización do servizo.

A sede do proxecto situarase no Concello de Dodro.
As actuacións derivadas del desenvolveranse equitativamente nos concellos participantes no programa, segundo requira o seu funcionamento e as circunstancias das actividades, participantes e actuacións.

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Quinta.- Representación do servizo.-

Os concellos colaboradores designan expresamente como representante legal a don Xabier Castro Tourís, alcalde do Concello de Dodro, para os efectos oportunos en relación con este convenio e o desenvolvemento do programa, tales como presentar solicitudes, xustificar a subvención, etc.
Con este obxecto, os outros municipios participantes efectuarán a favor do representante o pertinente acordo de delegación.

Sexta.- Xestión administrativa do servizo.-

Desígnase ao Concello de Dodro como xestor do proxecto.
A xestión administrativa será levada a cabo dende o Concello de Dodro en todo o relacionado con:

- *Tramitación e seguimento do expediente de subvención ante os organismos correspondentes da Xunta de Galicia*
- *Tramitación dos expedientes de contratación do persoal do Programa*
- *Tramitación dos expedientes de contratación administrativa relativos ao Programa*
- *Resto de trámites de xestión ordinaria que sexan necesarios para o desenvolvemento do Programa*

Esta designación non supón cesión da titularidade da competencia de cada concello nin dos elementos substantivos do seu exercicio, sendo responsabilidade de cada un dos concellos asinantes ditar cantos actos ou resolucións de carácter xurídico dean soporte, ou nos que se integre, a actividade material obxecto da xestión compartida.

Sétima. Compromisos asumidos polo Concello de DODRO como representante

Coa sinatura do presente convenio, o Concello de Dodro asumirá os compromisos seguintes:

1. *Asumir todas as condicións e prescricións contidas na Orde de 4 de maio de 2022 da Consellería de Emprego e Igualdade (DOG núm. 98, de 23 de maio de 2022), pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento TR332A)*
2. *Realizar todos os trámites de xestión administrativa precisos para a actuación compartida de conformidade co disposto na cláusula sexta, tanto os derivados do expediente aberto a instancia da entidade convocante da axuda (a Consellería de Emprego e Igualdade), como os relativos aos expedientes de contratación e seguimento da execución do proxecto.*
3. *Respectar o destino dos fondos subvencionados.*
4. *Informar aos concellos sobre a marcha da xestión cando lle sexa solicitado*
5. *Facilitar a documentación que forma parte do expediente administrativo*

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

que se estea a tramitar ao abeiro deste convenio.

6. *Non disolver a agrupación en canto non transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 65 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

Oitava. Compromisos asumidos polos Concellos de RIANXO, VALGA PADRÓN, ROIS E PONTECESURES

Coa sinatura do presente Convenio os Concellos de Rianxo, Padrón, Valga, Rois e Pontecesures asumirán os compromisos seguintes:

1. *Asumir todas as condicións e prescricións contidas na Orde de 4 de maio de 2022 da Consellería de Emprego e Igualdade (DOG núm. 98, de 23 de maio de 2022), pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento TR332A)*
2. *Facilitar toda a documentación que sexa esixida na Orde de 4 de maio de 2022 antedita, e a demais que sexa necesaria para a tramitación do expediente de solicitude e xustificación de subvención.*
3. *Respectar o destino dos fondos subvencionados.*
4. *Prestar a colaboración necesaria e a que sexa solicitada pola Concello xestor do servizo, para o bo desenvolvemento deste.*
5. *Non disolver a agrupación en canto non transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 65 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

Novena.- Orzamento do proxecto. Financiamento do servizo.-

O proxecto Programa integrado de emprego de Concello de Dodro 2022-2023 será financiado ao 100% pola subvención regulada na Orde de 4 de maio de 2022 da (DOG núm. 98, de 23 de maio de 2022), pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento TR332A)
O orzamento para a execución do proxecto (importe da subvención solicitada) ascende á cantidade total de 250.000 € (impostos incluídos).
Os gastos que non sexan subvencionados pola mencionada orde serán asumidos polos concellos na mesma porcentaxe e deberanse ingresar na Tesourería do Concello de Dodro , antes da data límite de xustificación do investimento que segundo o disposto nas Bases reguladoras é o día 15 de decembro de 2023.

Décima.- Medios materiais, patrimoniais e persoais do servizo-

Os concellos de Rianxo, Padrón, Valga, Rois, Pontecesures e Dodro poñerán os medios materiais, patrimoniais e persoais do servizo dos que dispoñan para levar a cabo o Programa Integrado de Emprego do Concello de Dodro 2022-2023, sen prexuízo da posibilidade de recorrer a alugueiros ou realizar subcontratación

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

daqueles medios ou útiles de traballo específicos ou particulares, que sexan necesarios para unha actividade formativa, así como aqueles dos que pola súa particularidade ou características non sexa habitual nin de costume a súa posesión por unha administración pública.

Décimo primeira.- Vixencia.-

O presente convenio terá vixencia ata finais do ano 2023 ou en todo caso ata a terminación do Programa Integrado do Concello de Dodro 2022-2023, unha vez se entenda concedida a subvención para a súa execución.

Décimo segunda.- Extinción.-

Serán causas de extinción deste convenio:

- *O non cumprimento do seu obxecto.*
- *O cumprimento do termo legal da súa vixencia de conformidade co disposto na cláusula décimo primeira.*
- *A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes.*
- *O incumprimento total ou parcial de calquera das súas cláusulas ou a alteración esencial do contido delas. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grao a non consecución dos fins propios ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas no presente convenio.*
- *A denuncia por causas de interese público, a instancia de calquera das partes.*
- *O mutuo acordo entre as partes. Calquera das partes que queira terminar así a colaboración poderá comunicalo por escrito ao resto das partes cunha antelación de polo menos dous meses á data na que o dea por rematado.*
- *A extinción ou non concesión da axuda para manter o Programa Integrado de Emprego do Concello de Dodro 2022-2023.*

Décimo terceira.- Natureza Administrativa.-

Este convenio terá carácter administrativo, rexéndose, para os seus efectos, polo disposto nas cláusulas do mesmo e, no seu defecto, polos principios xerais establecidos na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, xunto coas demais disposicións legais vixentes en materia de contratación administrativa.

Décimo cuarta.- Interpretación

No non previsto expresamente neste convenio estarase ao disposto na lexislación aplicable á materia obxecto do convenio, especialmente á orde de convocatoria das subvencións, e ao resto da normativa aplicable segundo o disposto na cláusula anterior.

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

As discrepancias que xurdan na aplicación do convenio resolveranse por unha comisión de seguimento, que estará formada por dous representantes de cada concello. Porase en coñecemento desta comisión calquera conflito ou dúbida que se presente no desenvolvemento do convenio. No caso de que a comisión non chegase a acordo sobre as discrepancias, sustanciaranse na orde xurisdicional competente.

Décimo quinta.- Xurisdición competente.-

A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para resolver cuestións litixiosas que puidesen suscitarse entre as partes no desenvolvemento do presente convenio, dada a súa natureza administrativa, sen prexuízo do compromiso das partes para resolvelas preferentemente sempre de xeito amigable..

E en proba de conformidade, asinan por sextuplicado o presente convenio.

Dodro, de xuño de 2022

O alcalde de Rianxo	*O alcalde de Padrón*	*O alcalde de Valga*
Adolfo Muíños Sánchez	*Antonio Fernández Angueira*	*José María Bello Maneiro,*
O alcalde de Rois	*O alcalde de Pontecesures*	*O alcalde de Dodro*
Ramón Tojo Lens	*Juan Manuel Vidal Seage*	*Francisco Xabier Castro Tourís*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Esto vaino defender o concelleiro de Unidade Veciñal, o señor Abel."*

Abel Tarrío Abuín, voceiro de Unidade Veciñal: *"Boa noite. Ten que vir ao Pleno, ten que ser ratificada polo Pleno a Resolución da alcaldía 234/2022 do 23 de xuño do 2022, que é un convenio de colaboración subscrito entre os concellos de Rianxo, Padrón, Valga, Rois, Pontecesures e Dodro para a solicitude, xestión so servizo compartido, desenvolvemento conxunto e posta en funcionamento do Programa Integrado de Emprego Concello de Dodro.*
O que se fai é solicitar unha subvención para a execución do Programa Integrado de Emprego Concello de Dodro 2022/2023 que ten unha duración de 12 meses, o ámbito de actuación son os concellos de Rianxo, Padrón, Valga, Rois, Pontecesures e Dodro. O número de persoas que se vai a atender son 100 persoas traballadoras desempregadas.
Os colectivos que se van a atender, como pon a memoria da subvención:

- *dúas persoas con discapacidade,*

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

- *12 menores de 30 anos desempregados con baixa cualificación,*
- *8 menores de 30 anos desempregados, non incluídos no grupo anterior,*
- *22 persoas desempregadas maiores de 45 anos e*
- *25 persoas perceptoras de prestacións, subsidios de desemprego ou Renda Activa de Reinserción.*
- *10 persoas desempregadas de larga duración e*
- *21 mulleres desempregadas.*

O orzamento do programa é de 250.000€, a subvención que se solicita é polo total, 250.000€, o cofinanciamento do concello son 0€, non aportamos nada a esta cofinanciación e o obxectivo de inserción laboral é do 37%.
En programas anteriores, no anterior xa se incluíu o concello de Rianxo, ao principio estábase facendo Rois, Padrón e Dodro, no anterior programa integrado que nos concederon, incluíuse a Rianxo, quixemos incluír tamén a Pontecesures e a Valga, pero había unha limitación nas bases, provincial, aínda que foran concellos limítrofes, non se podía superar o límite provincial, foi eliminado ese límite provincial, e entonces, bueno, o traballo co concello de Pontecesures e de Valga, fixo que o solicitaramos entre os seis concellos, entonces, como en anteriores ocasións, este programa, ou esa solicitude de subvención, era aprobada por unanimidade, espero que esta vez sexa tamén así."

O alcalde, Xabier Castro Tourís: *"Moitas grazas, gracias pola defensa, vamos a darlle un turno a cada portavoz, portavoz do partido popular"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP: *"Este Pleno, na nosa opinión é nulo, e polo tanto tampouco vamos a participar neste debate".*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben, portavoz do partido socialista".*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do PSdeG-PSOE: *"O partido socialista vai a ratificar esta resolución da alcaldía 234/2022"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz da Unidade Veciñal, se quere"*

Abel Tarrío Abuín, voceiro de Unidade Veciñal: *"Bueno, pois nada, como dixen antes, este tipo de convenios, eran ratificados por unanimidade no Pleno, pero vexo que o partido popular, se abstén de solicitar unha subvención para un Programa Integrado de Emprego de 250.000€, bueno, a xente xulgará a súa posición"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Bloque Nacionalista Galego"*

Xoan Bautista Mariño Abuín, voceiro do BNG: "*Si, nos estamos de acordo no que é a resolución, o BNG, tamén hai que dicir que sempre manifestou a necesidade de outro tipo de intervencións para o emprego en Galiza e na nosa*

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

comarca, pero os plans que temos, pese que aquí vaise ver que non vai ser unánime, como acabamos de ver, a súa aprobación, é unha mágoa que o Pleno Municipal de Dodro, non aprobe por unanimidade, cousas tan interesantes para Dodro."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pois moitas grazas, eu antes de pasar á votación, quería poñer en valor o traballo que fixo este goberno, de añadir concellos ao que en principio era moi boa idea, seguimos traballando na ampliación, Rianxo e Pontecesures, van a tirar para adiante por este programa e me parece que é moi boa idea seguir traballando deste lado. Dice que teño que aceptar expresamente o nomeamento meu, como representante das corporacións, efectivamente, pois eso, o alcalde de Dodro, leva adiante este proxecto, cada vez con máis concellos, cada vez para favorecer a máis veciños e veciñas de toda a comarca, me parece digno de mención. Vamos a pasar á votación."*

Procédese á votación
Votacións:
Votos a favor: 6

1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro

Votos en contra: 0

0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

A secretaria que subscribe fai constar que os concelleiros do GM do PP non se pronuncian en ningún sentido, se ben de acordo co artigo 49 do Regulamento Orgánico municipal *"Cando un concelleiro/a ou grupo manifeste que non vota, tal posición terá a consideración de abstención".*

Abstencións: 3

0 BNG
3 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

Resultado: Maioría absoluta

Estado: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría dos concelleiros

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

e concelleiras presentes a adopción do dito acordo.

5. RATIFICAR A RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 467/2022 DO 09/09/2022 RELATIVA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN E XESTIÓN COMPARTIDA DO PROXECTO DE PREVENCIÓN DE CONDUTAS ADITIVAS DOS CONCELLOS DE DODRO, PADRÓN, ROIS, VALGA E RIANXO (2022-2025)

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

"EXPEDIENTE: 2022/A006/000015 (relacionado co expediente 2022/A008/000034)
ASUNTO: RATIFICAR A RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 467/2022 DO 09/09/2022 RELATIVA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN E XESTIÓN COMPARTIDA DO PROXECTO DE PREVENCIÓN DE CONDUTAS ADICTIVAS DOS CONCELLOS DE DODRO, PADRÓN, ROIS, VALGA E RIANXO (2022-2025)
TRÁMITE: PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO

Logo de ver a Resolución da Alcaldía Núm. 467/2022 de data 09/09/2022 pola que se resolveu aprobar, entre outros, o convenio de colaboración a subscribir entre os Concellos de Dodro, Padrón, Rois, Valga e Rianxo para a xestión compartida do "Proxecto de prevención de condutas adictivas dos concellos de Dodro, Padrón, Rois, Valga e Rianxo (2022-2025)", co fin de participar na convocatoria da Orde do 21 de xullo de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas promovidos por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria (código de procedemento SA463G) (DOG núm. 153, do 11 de agosto de 2022)

Considerando o punto sétimo da mencionada resolución "Sétimo.- Remitir ao Pleno aos efectos de ratificación a presente resolución, en atención ao establecido no artigo 47.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, quedando a presente resolución condicionada a tal ratificación"

Propoño ao pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Ratificar a Resolución da Alcaldía núm. 467/2022 de data 09/09/2022, que se transcribe como anexo.

SEGUNDO.- Dar traslado aos Concellos de Padrón, Rois, Valga e Rianxo.

Documento asinado electrónicamente
O alcalde
Francisco Xabier Castro Tourís

ANEXO

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

"EXPEDIENTE: 2022/A006/000015 (relacionado co expediente 2022/A008/000034)
ASUNTO: CONVENIO DE COLABORACIÓN E XESTIÓN COMPARTIDA DO PROXECTO DE PREVENCIÓN DE CONDUTAS ADICTIVAS DOS CONCELLOS DE DODRO, PADRÓN, ROIS, VALGA E RIANXO (2022-2025)
TRÁMITE: RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Considerando que a Consellería de Sanidade ditou a Orde do 21 de xullo de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas promovidos por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria (código de procedemento SA463G) (DOG núm. 153, do 11 de agosto de 2022), que dispón no seu artigo 3 que "poderán concorrer á concesión destas subvencións todos aqueles concellos e mancomunidades da Comunidade Autónoma de Galicia que pretendan desenvolver, individualmente ou agrupados, un proxecto de prevención de condutas adictivas e que reúnan os requisitos sinalados no artigo 4 (...)". E continúa establecendo no artigo 5 "Convenio reguladores das agrupacións de entidades locais" o seguinte:
"1. As entidades locais poderán agruparse e presentar de maneira conxunta unha solicitude de subvención para realizar un proxecto común.
2. Esta agrupación de entidades locais deberá ser regulada mediante un convenio de colaboración cuxo obxecto sexa o desenvolvemento conxunto do proxecto e que conteña o seguinte contido mínimo:
a) O compromiso solidario de execución do proxecto e de aplicación solidaria da subvención. No caso de que algunha das entidades integrantes da agrupación cause baixa nela, as restantes comprométense a desenvolver o proxecto inicialmente proposto na súa área de influencia.
b) As achegas económicas e os compromisos de execución asumidos polas entidades agrupadas.
c) O compromiso de non disolver a citada agrupación mentres non transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 36 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
3. O convenio de colaboración subscrito polas partes deberá achegarse no prazo máximo dun mes contado desde a notificación da resolución de concesión da subvención, aínda que se poderá presentar coa solicitude de subvención."

Logo de ver o texto do CONVENIO DE colaboración e XESTIÓN COMPARTIDA DO PROXECTO DE PREVENCIÓN DE CONDUTAS ADICTIVAS DOS CONCELLOS DE DODRO, PADRÓN, ROIS, VALGA e RIANXO (2022-2025), ao abeiro da Orde do 21 de xullo de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas promovidos por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria (código de procedemento SA463G) (DOG núm. 153, do 11 de agosto de 2022), que se inclúe como ANEXO, e que ten, precisamente, como obxecto a creación dunha agrupación entre os Concellos de Dodro, Padrón, Rois valga e Rianxo para a solicitude de subvención e xestión compartida do "Proxecto de prevención de condutas adictivas dos

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

concellos de Dodro, Padrón, Rois, Valga e Rianxo (2022-2025)", co fin de participar na convocatoria Da mencionada subvención.

Logo de ver a memoria explicativa do "Proxecto de prevención de condutas adictivas dos Concellos de Dodro, Padrón, Rois e Valga" para o período 2022-2025

Logo de ver o informe de secretaría-intervención de data 09/09/2022 que consta no expediente, previa solicitude mediante providencia da Alcaldía do 09/09/2022 e considerando que ningunha outra administración está a desempeñar a competencia en materia de prevención de condutas adictivas no Concello de Dodro, e que ao abeiro do disposto no artigo 22.2 p) en relación co 47.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, o órgano competente é o Pleno da Corporación, así como que non se pon en risco a sustentabilidade financeira.

Sen prexuízo de someter a ratificación plenaria esta actuación, en atención ao previsto no dito artigo 47.2, apartado h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, mais tendo en conta a proximidade da finalización do prazo para a solicitude de subvención, en atención as competencias atribuídas ao Alcalde nos apartados d) e s) do artigo 21.1 da mesma Lei,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración a subscribir entre os Concellos de Dodro, Padrón, Rois, Valga e Rianxo para a xestión compartida do "Proxecto de prevención de condutas adictivas dos concellos de Dodro, Padrón, Rois, Valga e Rianxo (2022-2025)", co fin de participar na convocatoria da Orde do 21 de xullo de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas promovidos por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria (código de procedemento SA463G) (DOG núm. 153, do 11 de agosto de 2022)

Segundo.- Aprobar o proxecto de prevención de condutas adictivas proposto conxuntamente polos concellos de Dodro, Padrón, Rois, Valga e Rianxo para o cal se solicita subvención: "Proxecto de prevención de condutas adictivas dos Concellos de Dodro, Padrón, Rois, Valga e Rianxo (2022-2025)"

Terceiro.- Solicitar unha subvención para os gastos que se pretenden executar ao abeiro da Orde do 21 de xullo de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas promovidos por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria (código de procedemento SA463G) (DOG núm. 153, do 11 de agosto de 2022), para o desenvolvemento do "Proxecto de prevención de condutas adictivas dos

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concellos de Dodro, Padrón, Rois, Valga e Rianxo (2022-2025)", cun orzamento que ascende a 140.000 € para o cal se solicita un financiamento do 95%, é dicir 133.000 euros, sendo a apartación total dos concellos de 7.000 €.

Cuarto.- Aceptar expresamente as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde do 21 de xullo de 2022 para o proxecto denominado "Proxecto de prevención de condutas adictivas dos Concellos de Dodro, Padrón, Rois, Valga e Rianxo (2022-2025)", cun orzamento total de 140.000 euros

Quinto.- Acordar o compromiso solidario da execución e da aplicación solidaria da subvención.

Sexto.- Nomear a don Francisco Xabier Castro Tourís, alcalde e representante legal do Concello de Dodro, como representante con poder suficiente para cumprir os deberes que como entidade beneficiaria corresponden á agrupación, e que actuará como coordinador, interlocutor, perceptor e xustificador da axuda.

Sétimo.- Remitir ao Pleno aos efectos de ratificación a presente resolución, en atención ao establecido no artigo 47.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, quedando a presente resolución condicionada a tal ratificación.

Oitavo.- Dar traslado da presente resolución aos Concellos de Padrón, Rois, Valga e Rianxo,

Noveno.- Dar conta ao Pleno, de acordo co disposto no artigo 42 do ROFRXEL

Dodro, asinado dixitalmente
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís
A secretaria-interventora, que da fe.

ANEXO

"CONVENIO DE COLABORACIÓN E XESTIÓN COMPARTIDA DO PROXECTO DE PREVENCIÓN DE CONDUTAS ADICTIVAS DOS CONCELLOS DE DODRO, PADRÓN, ROIS, VALGA E RIANXO (2022-2025) CO FIN DE PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DA SEGUINTE SUBVENCIÓN:

Orde do 21 de xullo de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas promovidos por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria (DOG núm. 153, do 11 de agosto de 2022),

REUNIDOS:

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal

www.dodro.gal

Os alcaldes:

*Don Francisco Xabier Castro Tourís, con DNI ***807***, alcalde do Concello de Dodro (CIF P1503300D) que actúa en nome desta entidade.*

*Dunha parte: Don Antonio Fernández Angueira, con DNI ***974***, alcalde do Concello de Padrón (CIF P1506600D) que actúa en nome desta entidade.*

*Doutra parte: Don Ramón Tojo Lens, con DNI ***686***, alcalde do Concello de Rois (CIF P1507500E) que actúa en nome desta entidade.*

*Doutra parte: Don José María Bello Maneiro, DNI ***122***, alcalde do Concello de Valga (CIF P3605600J) que actúa en nome desta entidade.*

*Don Adolfo Muíños Sánchez, con DNI ***647***, alcalde do Concello de Rianxo (CIF P1507300J) que actúa en nome desa entidade.*

Todos en nome e representación do seu referido concello, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia.

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto:

EXPOÑEN:

1. *Que o actual escenario financeiro e a situación económica para os concellos de Galicia precisa buscar solucións, tales como o asociacionismo municipal para solicitar subvencións mediante a xestión de servizos compartidos, que permitan prestarlle os servizos á cidadanía en condicións de calidade.*

1. *Que os Concellos son competentes para promover, prestar e xestionar actividades e nos termos establecidos nas leis 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, establecendo esta última que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade dos veciños.*

2. *A prestación dos servizos públicos, o seu fomento e a promoción das actividades esixe un elevado custo, tanto de instalación, adquisición como de funcionamento e xestión que fai necesaria colaboración entre distintas administracións locais, co fin de poder prestar aos veciños unha actividade e un servizo que na actualidade se considera imprescindible como medio*

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

de mellora nas relacións veciñais.

3. *Que a Consellería de Sanidade convocou a Orde do 21 de xullo de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas promovidos por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria (DOG núm. 153, do 11 de agosto de 2022)*

4. *En relación ao acordo de colaboración, o contido mínimo destes instrumentos de colaboración entre administracións está previsto nos artigos 11, 47 e seguintes da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público, como son os órganos que o celebran, a competencia, o seu financiamento, as actuacións a desenvolver, o prazo de vixencia, causas de extincións, etc.*

   Os acordos que se subscriban non suporán alteración das competencias atribuídas ós órganos administrativos nin de responsabilidades que correspondan ás autoridades e funcionarios relativas ó funcionamento dos servizos públicos.

5. *Que os cinco concellos deben cumprir os requisitos esixidos pola Consellería de Sanidade na Orde do 21 de xullo de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas promovidos por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria (DOG núm. 153, do 11 de agosto de 2022)*

6. *Que a achega económica, os outros medios necesarios para que cada un dos concellos asinantes realicen a actuación, así como a posterior xestión, resultan antieconómicas e moi gravosas para os intereses dos municipios afectados, pois terían que financiarse tantas actuacións como municipios se asocian para acadar o mesmo fin, polo que resulta máis eficiente empregar un servizo común.*

7. *Que os concellos asinantes, de forma individual, carecen de medios financeiros suficientes para executar a actuación e para unha maior eficacia administrativa e en aras dos principios de cooperación, colaboración e asistencia que deben presidir as relacións interadministrativas, as partes acordan desenvolver a actuación conxunta de prevención de condutas adictivas polo que todas as partes asinantes deste documento estimaron conveniente para os intereses públicos presentar un proxecto conxunto para o seu financiamento con cargo á Orde do 21 de xullo de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para o*

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas promovidos por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria (DOG núm. 153, do 11 de agosto de 2022)

8. *Que os concellos asinantes formalizan o presente convenio para compartir a prevención de condutas adictivas no eido local, ao abeiro do anterior e cara a facilitar unha posible e real xestión deste servizo municipal que acade unha economía de escala e posibilite o posterior mantemento do servizo.*

Por todo o anterior, e co obxecto de acadar o fin proposto, os concellos comparecentes acordan subscribir o presente convenio de colaboración segundo as seguintes

CLÁUSULAS:

1. *Obxecto: Os concellos asinantes acordan agruparse para o desenvolvemento conxunto do proxecto de prevención de doutas condutas adictivas dos concellos de Dodro, Padrón, Rois, Valga e Rianxo (2022-2025), cun orzamento de 140.000,00 euros, co fin de solicitar unha subvención de 133.000,00 euros á Consellería de Sanidade*

1. *Obxectivos: A prestación asociada baséase nos principios de eficacia, eficiencia, colaboración e boa administración, e ten como finalidade acadar os obxectivos marcados polo Plan de Galicia sobre drogas, a Estratexia nacional sobre drogas e pola Estratexia da Unión Europea en materia de loita contra a droga e os seus plan s de acción.*
   O obxectivo principal do servizo é o desenvolvemento de actuacións orientadas ao fomento de estilos de vida saudables cara a prevención de condutas adictivas (sociais e comportamentais)

2. *Ámbito de aplicación: O ámbito territorial é a totalidade dos termos municipais de Dodro, Padrón, Rois, Valga e Rianxo.*

3. *Sede do servizo: A sede vai estar no concello de Dodro*

4. *Representación do servizo: Os concellos colaboradores nomean a don Francisco Xabier Castro Tourís, alcalde e representante legal do Concello de Dodro, como representante con poder suficiente para cumprir os deberes que como entidade beneficiaria corresponden á agrupación, e que actuará como coordinador, interlocutor, perceptor e xustificador da axuda.*

   A representación técnica corresponderalle a un/unha persoa con titulación universitaria e formación específica en condutas adictivas, que actuará como representante técnica do proxecto ante a consellería de Sanidade , e que deberá estar dispoñible durante todo o período da subvención.

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

5. *Xestión administrativa do servizo. A xestión administrativa será desenvolvida polo Concello de Dodro en todo o relacionado co persoal, coa contratación administrativa, xestión de axudas, xestión ordinaria etc., sen que isto supoña menoscabo das competencias de cada concello.*

6. *Financiamento do servizo. O orzamento do proxecto de prevención de condutas adictivas dos Concellos de Dodro, Padrón, Rois, Valga e Rianxo (2022-2025) é de 140.000,00 euros, que será realizado mediante dúas vías de financiamento:*

   a) *O 95%, é dicir 133.000 €, como máximo, será financiado pola subvención regulada na Orde do 21 de xullo de 2022*

   b) *O 5% restante, é dicir 7.000,00 €, será a aportación económica dos concellos de Dodro, Padrón, Rois, Valga e Rianxo, que se fará en función da poboación de cada un deles, segundo cifras oficias do último padrón municipal publicado polo Instituto Galego de Estatística, que na data da sinatura do convenio son cifras oficiais da poboación a 1 de xaneiro de 2021*

CONCELLO	POBOACIÓN	PORCENTAXE (%)	APORTACIÓN CONCELLOS
DODRO	2.710	8,39 %	587,45 €
PADRÓN	8.317	25,76 %	1.802,89 €
ROIS	4.493	13,91 %	973,96 €
VALGA	5.768	17,86 %	1.250,34 €
RIANXO	11.004	34,08 %	2.385,36 €
TOTAL	32.292	100,00 %	7.000 €

Os gastos que non sexan subvencionados pola mencionada orde serán asumidos polos concellos segundo a súa porcentaxe de participación.

7. *Organización e execución do Servizo. Os/as técnicos/as desempeñarán o seu traballo equitativamente entre os concellos de Dodro, Padrón, Rois, Valga e Rianxo.*

8. *Compromisos asumidos polos concellos agrupados*

- *Comprometerse solidariamente a execución do proxecto e aplicación solidaria da subvención. No caso de que algunha das entidades integrantes da agrupación cause baixa nela, as restantes comprométense a desenvolver o proxecto inicialmente proposto na súa área de influencia.*

- *Comprometerse a non disolver a agrupación en tanto non transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 36 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia*

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

9. *Vixencia. O presente convenio terá un período de vixencia de tres anos dende a súa sinatura.*

10. *Resolución. Será motivo de rescisión deste convenio calquera das seguintes causas:*

    - *O incumprimento total ou parcial das súas cláusulas ou a alteración esencial do seu contido.*
    - *O mutuo acordo entre as partes. Así mesmo calquera das partes poderá propor a modificación ou denunciar o presente convenio. Deberá comunicalo por escrito ao resto das partes cunha antelación de polo menos dous meses á data na que se dea por rematado.*
    - *A non concesión ou extinción da axuda para manter o servizo.*

11. *Natureza administrativa. Este convenio ten carácter administrativo, réxese polas súas cláusulas e, no seu defecto, estarase aodisposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño; na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e nos principios establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.*

12. *Xurisdición competente. As posibles discrepancias que poidan xurdir na súa aplicación e/ou interpretación resolveranse por diálogo directo entre as partes ou pola Comisión de seguimento. As controversias non resoltas serán sometidas á xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*

E en proba de conformidade, asinan o presente convenio.

O alcalde do Concello de Dodro.- Francisco Xabier Castro Tourís
O alcalde do Concello de Padrón.- Antonio Fernández Angueira
O alcalde do Concello de Rois.- Ramón Tojo Lens
O alcalde do Concello de Valga.- José María Bello Maneiro
O alcalde do Concello de Rianxo.- Adolfo Muíños Sánchez"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Esto vaino a explicar a concelleira de Muller e Xuventude, Ana Muñiz"*

Ana Muñiz Abuín, concelleira do PSdG- PSOE: *"Boas tardes. A solicitude, unha vez máis do programa de Prevención de Condutas Aditivas á Xunta de Galicia, vense realizando polo Concello de Dodro dende fai varias edicións. Este goberno, ademáis e intentando mellorar a efectividade do programa, conseguiu aumentar a poboación obxecto do programa, en máis de 10 mil habitantes, que serían os do concello de Rianxo, xa que si a Xunta finalmente outorga este*

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Programa, será un dos cinco concellos con Padrón, Rois, Valga e Dodro, beneficiarios por un programa que xestionaremos dende o concello de Dodro."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Portavoz de Unidade Veciñal, perdón , portavoz do partido popular"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP: *"No, reiteramos que non nos sentimos convocados legalmente, polo tanto, tampouco participamos neste outro punto."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"É unha pena que no, bueno, portavoz do partido socialista de Galicia".*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do PSdG-PSOE: *"Si, vamos a ratificar este convenio de colaboración entre os seis concellos e quero destacar, como no anterior, o nomeamento de Francisco Xabier Castro Tourís, alcalde e representante deste concello, como representante con poder suficiente para cumprir cos deberes que como entidade beneficiaria, corresponden á agrupación."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Gracias, Moncho. Portavoz de Unidade Veciñal"*

Xoan Xosé Vicente Franco, portavoz de Unidade Veciñal: *"Si, da Unidade Veciñal, tamén vamos a ratificar esta proposta."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do BNG"*

Xoan Bautista Mariño Abuín, Voceiro do BNG: "*Por parte do BNG, tamén é bo que despois dese traballo que se fixo por parte da área de Igualdade e que se incluíra Rianxo en este Convenio, eu creo que é unha boa noticia, entendemos polo tanto que estamos mellorando desde este goberno a actuación noutro plano, como é o de prevención, e polo tanto vamos a aprobar o Convenio"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias aos que participaron no debate"*

Procédese a votación
Votacións:
Votos a favor: 6
1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro

Votos en contra: 0
0 BNG
0 PP

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

A secretaria que subscribe fai constar que os concelleiros do GM do PP non se pronuncian en ningún sentido, se ben de acordo co artigo 49 do Regulamento Orgánico municipal *"Cando un concelleiro/a ou grupo manifeste que non vota, tal posición terá a consideración de abstención".*

Abstencións: 3
0 BNG
3 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

Resultado: por maioría absoluta

Estado: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría dos concelleiros e concelleiras presentes a adopción do dito acordo.

6. ADHESIÓN AO PLAN XERAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS E MEDIDAS ANTI-FRAUDE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA (PREMADECOR) E DELEGACIÓN DAS FUNCIÓNS DE ANÁLISE DE RISCOS, USO DO CANLE DE BO GOBERNO E DENUNCIAS, INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN DOS PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS DE COMPETENCIA DA ADMINISTRACIÓN LOCAL.

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

"EXPTE: 2022/X999/000068
ASUNTO: ADHESIÓN AO PLAN XERAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS E MEDIDAS ANTI-FRAUDE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA (PREMADECOR) E DELEGACIÓN DAS FUNCIÓNS DE ANÁLISE DE RISCOS, USO DO CANLE DE BO GOBERNO E DENUNCIAS, INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DOS PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS DE COMPETENCIA DA ADMINISTRACIÓN LOCAL.
TRÁMITE: PROPOSTA DE ACORDO AO PLENO

A Deputación da Coruña comunicou a este Concello a aprobación do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (Plan PREMADECOR) en sesión celebrada o 23 de xuño de 2022, indicando que todos os concellos e entidades locais da provincia poden adherirse mediante a tramitación do correspondente expediente administrativo e adopción do acordo plenario que proceda, e logo coa ulterior publicación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica de cada entidade.

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

O citado plan regula o 3º grao de adhesión (Adhesión ao PLAN PREMADECOR e aos seus formularios con delegación das funcións de avaliación de riscos, seguimento das medidas polo CADECOR e instrución dos procedementos correctivos e de persecución que sexan competencia da administración local) do seguinte xeito:

"(...) C.) 3º GRAO: Adhesión ao PLAN PREMADECOR e aos seus formularios con delegación das funcións de avaliación de riscos, seguimento das medidas polo CADECOR e instrución dos procedementos correctivos e de persecución que sexan competencia da administración local.

Esta adhesión ao PREMADECOR e a delegación de funcións na Deputación, ao igual que o grao anterior, tamén están previstas para os concellos e outras entidades locais de ata 10.000 habitantes.

Neste terceiro nivel ou grao, ademais do acordo de adhesión ao PLAN PREMADECOR, os concellos e outras entidades que estean dentro do rango poboacional indicado poderán adoptar acordo de delegar a prol da Deputación da Coruña as funcións de avaliación de riscos de cada expediente financiado co PRTR, utilización do canle de goberno e denuncias, análise e seguimento do Plan no ámbito municipal e mesmo a tramitación e resolución dos expedientes de carácter correctivo que sexan competencia da administración local.

Os acordos adoptaranse seguindo o formulario incorporado no Anexo C.2 e aceptando as bases reguladoras que se establecen en dito anexo.

Unha vez adoptado o acordo municipal correspondente, someterase a aceptación do Pleno da Deputación da Coruña e, unha vez adoptado o acordo por este órgano, será publicado no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica das entidades locais concernidas."

Resultando que a aprobación deste Plan e a posta en funcionamento dos mecanismos Anti-fraude que se describen no mesmo, teñen como finalidade darlle debido cumprimento ás obrigas que o artigo 22 do Regulamento (UE) 241/2021 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, lle impón a España e ao conxunto dos estados membros en relación coa protección dos intereses financeiros da Unión Europea como beneficiario dos fondos do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia (PRTR), pois toda entidade, ben sexa decisoria ou executora, que participe na execución das medidas do PRTR deberá dispor dun plan de medidas Anti-fraude, de xeito que lle permita garantir e declarar que, no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes téñense utilizado de conformidade coas normas aplicables, en concreto, no que se refire á prevención, detección e corrección do fraude, a corrupción e o conflito de intereses.

Logo de ver o informe de Secretaría-intervención que obra no expediente, considérase que tendo en conta a insuficiencia de medios persoais e materiais do Concello para a realización por medios propios das funcións que se delegan na

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Deputación da Coruña, e que implicarían unha contratación administrativa externa dun Plan Anti-fraude, así como a necesaria formación do persoal colaborador por parte do Concello na súa implantación, en tanto que se trata dunha materia eminentemente técnica, así como a necesaria contratación dun servizo para materializar a canle de denuncias (inexistente neste momento no Concello).

Considerando así mesmo a imparcialidade que ofrecería a Deputación da Coruña nunha materia tan sensible como a que nos ocupa, e tendo conta que conforme ao previsto no artigo 36.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, a Deputación da Coruña asumirá por delegación as funcións que a tal fin lle delegue o Concello, dispoñendo este organismo da capacidade necesaria para poder delegar no mesmo as funcións indicadas.

En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, PROPOÑO ao PLENO da CORPORACIÓN, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Adherirse ao PLAN XERAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS E MEDIDAS ANTI-FRAUDE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA (PREMADECOR), aprobando todos os seus documentos e formularios.

SEGUNDO.- Delegar na Deputación da Coruña todas as funcións e competencias referidas á aplicación do PREMADECOR: análise previa de riscos, utilización do canle de bo goberno e denuncias, instrución e resolución dos procedementos administrativos sancionadores derivados da aplicación deste Plan, mesmo a competencia para a xestión recadadora dos ingresos de dereito público resultante.

Aceptando as bases aprobadas polo Pleno da Deputación da Coruña, que se transcriben literalmente a seguir:

"BASES PARA A DELEGACIÓN DAS FUNCIÓNS DE ANÁLISE DE RISCOS, USO DO CANLE DE BO GOBERNO E DENUNCIAS, INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN DOS PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS DE COMPETENCIA DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

PRIMEIRA.- Contido da delegación.
1. Unha vez adherido ao PREMEDECOR, a delegación abranguerá todas as funcións e competencias referidas a aplicación efectiva do Plan en cada un dos proxectos de gasto con financiamento procedente do PRTR da Unión Europea.
2. En cada expediente, a Deputación realizará unha análise previa de riscos, asesorará ao concello na tramitación dos procedementos e incorporación aos mesmos das DACi e de calquera outro documento en relación co control dos fondos procedentes do PRTR da Unión Europea.
3. Na sede electrónica do Concello haberá disposto un enlace co Canle de Bo Goberno e denuncias da Deputación, de xeito que calquera persoa poderá presentar unha denuncia referida a un posible uso ou tramitación irregular dos procedementos administrativos dos expedientes de gastos municipais

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

financiados co PRTR da Unión Europea.
4. A Deputación tramitará os procedementos correctivos e sancionadores que resulten aplicábeis e acordará o reintegro dos fondos indebidamente aplicados, cos xuros de demora correspondentes. Tamén tramitará os procedementos sancionadores, impondo no seu caso as sancións previstas na Lei.
5. As liquidacións resultantes serán aprobadas pola Deputación, entidade que instruirá os procedemento de recadación para o seu cobro, tanto período voluntario como executivo. Para tal efecto, resultarán de aplicación as Bases para a prestación de servizos tributarios publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 209, de 3 de novembro de 2021.

SEGUNDA.- Procedemento para a tramitación da análise de riscos en cada expediente de gasto.
1. Unha vez aprobado polo órgano competente do Concello o proxecto de gasto, no que quede acreditado o compromiso firmes de achega de fondos procedentes do PRTR da Unión europea, o expediente completo, cos informes de secretaría e do órgano interventor municipal, será remitido á Deputación da Coruña a través do SIR, instando a elaboración da análise previa de riscos.
2. Recibido o expediente, o Negociado de control financeiro e auditoría, baixo a supervisión e coa conformidade do órgano interventor, elabora realizará a análise previa de riscos, elaborando o documento correspondente.
3. O traballo realizado será ditaminado polo CADECOR da Deputación, emitíndose informe de conformidade ou instando a emenda das deficiencias advertidas.
4. Unha vez recibido o informe de conformidade do CADECOR, o resultado do traballo realizado, xuntamente coa devolución do expediente, será remitido ao concello delégante para que proceda ao seu informe e aprobación.
5. Do acordo de aprobación, da súa aplicación e das incidencias que poidan xurdir, darase conta a efectos informativos ao CADECOR .

TERCEIRA.- Procedemento de tramitación de denuncias, impulso e tramitación e resolución de procedementos.
1. Unha vez recibida unha denuncia no canle de bo goberno e denuncias, comunicarase de xeito inmediato ao concello interesado, para que poida adoptar as medidas cautelares que estime máis axeitadas. Simultaneamente, o CADECOR procederá á apertura dunhas actuacións previas para coñecer as circunstancias do caso concreto, de conformidade eco disposto no apartado 2.3 do PREMADECOR.
2. Concluídas as actuacións previas, no casos en que procedan os feitos serán comunicados á entidade decisoria ou entidade executora, así como á autoridade responsable. Simultaneamente denunciará os feitos coñecidos ás autoridades públicas competentes.
3. Nos casos en que proceda, a Deputación, a través do Negociado de Control financeiro e auditoría, tramitará os procedementos de reintegro de fondos públicos e, no seu caso, os procedementos sancionadores en materia de subvencións.
4. Os Servizos tributarios da Deputación levarán a cabo os procedementos de recadación, nos termos establecidos nas Bases para a delegación desta función.

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

TERCEIRO: Remitir o presente acordo á Excma. Deputación da Coruña aos efectos da súa aceptación, e unha vez aceptado polo Pleno da Deputación da Coruña, será publicado no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica das entidades locais concernidas.

Documento asinado dixitalmente
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Esto parte de un plan aprobado pola Deputación de A Coruña, que na sesión do 23 de xuño do ano 22, aprobou o Plan Xeral de Prevención de Riscos e Medidas Antifraude, para que despois se nos pida a nos, ao Concello de Dodro, que como entidade de menos de 10 mil habitantes, nos adhiramos a este Plan de Control. O citado Plan, regula varias cousas, un deles é o terceiro grao de adhesión, son plans de riscos, por resumilo, para o control de todas as subvencións que se poidan pedir da Unión Europea, que nos concellos pequenos como o noso non é posible levar con medios propios e incluso demoraría e faría imposible practicamente a xestión destes plans.*
A verdade é que temos que aceptar as bases aprobadas pola Deputación de A Coruña, pouca cousa máis temos, máis que decidir adherirnos ao Plan, evidentemente as axudas da Deputación Provincial de A Coruña, neste e noutros ámbitos son moi de agradecer polos concellos pequenos como o noso, e evidentemente, pídolle a tódolos portavoces e a todos os grupos do concello que apoien esta aprobación.
Vou darlle outro turno para todos para que participen, portavoz do partido popular, por favor."

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP: *"Si, non existe convocatoria legal para este Pleno, polo tanto, tampouco participamos".*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do partido socialista".*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do PSdG-PSOE: *"Si, vamos a adherirnos á proposta esta, máis que nada porque están previstas para concellos e outras entidades locais de menos de 10 mil habitantes."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas grazas, portavoz de Unidade Veciñal".*

Xoan Xosé Vicente Franco, portavoz de Unidade Veciñal: *"Si, vamos a votar a favor desta proposta, porque consideramos que é unha boa proposta, sobre todo para os concellos pequenos, que non temos persoal, ao mellor para facer esas funcións".*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Bloque Nacionalista Galego, por favor."*

Xoan Bautista Mariño Abuín, Voceiro do BNG: *"Si, o Bloque Nacionalista*

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Galego de Dodro, tamén vai a aprobar esta adhesión polo que se acaba de expoñer aquí".

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias, vamos a pasar á votación".*

Procédese a votación
Votacións:
Votos a favor: 6
1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro

Votos en contra: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

A secretaria que subscribe fai constar que os concelleiros do GM do PP non se pronuncian en ningún sentido, se ben de acordo co artigo 49 do Regulamento Orgánico municipal *"Cando un concelleiro/a ou grupo manifeste que non vota, tal posición terá a consideración de abstención".*

Abstencións: 3
0 BNG
3 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

Resultado: por maioría absoluta
Estado: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría dos concelleiros e concelleiras presentes a adopción do dito acordo.

C) MOCIÓNS

7. REXEITAMENTO DO VETO A PESCA DE FONDO POR PARTE DA COMISIÓN EUROPEA

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

"O Grupo Municipal Socialista do Concello de Dodro de acordo ao disposto no

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno a seguinte Proposta de MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Regulamento 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 11 de decembro de 2013, sobre a política pesqueira común recolle a posibilidade de prohibir a pesca en determinados lugares, especialmente sensibles, de augas profundas.

No ano 2016 aprobouse en Europa o Regulamento 2016/2336 del Parlamento Europeo e do Consello, de 14 de decembro de ese ano, específico de augas profundas que sinala que, a máis tardar o 13 de xaneiro de 2018, a Comisión Europea adoptará os actos de execución con obxecto de establecer unha lista de zonas nas que se coñece a existencia de ecosistemas mariños vulnerables ou que sexa probable que existan entre os 400 e 800 metros de profundidade sobre a base da mellor información científica e técnica dispoñible, tendo presentes tamén as avaliacións e identificacións levadas a cabo polos Estados membros e o organismo científico consultivo. Deste xeito prohibirase a pesca con artes de fondo en todas as zonas incluídas na lista que será revisada cada ano.

A Comisión Europea non deu cumprimento ao contemplado no citado Regulamento de 2016, mais recentemente coincidindo coa Conferencia dos Océanos en Lisboa, celebrada entre os días 26 de xuño e 1 de xullo do presente ano, o comisario de pesca europea fixo público que o organismo comunitario estaba a examinar se continuaba coa adopción dun regulamento para prohibir a pesca de fondo en zonas vulnerables, que afectaría a 94 áreas de augas comunitarias do Atlántico Nororiental. Decisión adoptada xusto despois de que no debate no Comité de Pesca, no que se tiña que dar o visto e prace a tal decisión non se acadara a maioría necesaria para sacar esta votación adiante. España, xunto con Irlanda, votaron en contra desta prohibición.

O 15 de setembro a Comisión Europea adoptou a decisión de pechar á pesca de fondo 87 zonas ao longo da plataforma continental mariña comunitaria que foi publicada o 19 de setembro no Diario Oficial da Unión Europea (UE) a través do regulamento que entrará en vigor nun prazo de 20 días.

Este veto sumamente prexudicial para os intereses da frota galega, nomeadamente das persoas que traballan na zona de litoral e Gran Sol, levouse a cabo sen o diálogo necesario, a pesar de ser un tema de vital transcendencia. Por parte dos órganos comunitarios non se lles consultou aos estados membros dunha forma seria, así como tampouco se tivo en conta ao sector pesqueiro. A esta falta de diálogo preocupante súmaselle ademais que se pretende executar este veto sen achegar os suficientes argumentos científicos e técnicos que o avalen e sen un verdadeiro estudo socieconómico que analice o impacto desta prohibición no propio sector.

Novamente, España, xunto a Irlanda e Francia conseguiron incluír na

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

orde do día do Consello de Ministros de Pesca da UE do día 26 de setembro o tema do veto da CE á pesca de fondo, para novamente amosar o seu rexeitamento a tal medida, tanto por motivos de:

- *FORMA: porque despois da non adopción por falla de maioría do ditame do Consello Consultivo , unha soa reunión o pasado 26 de xullo non é unha forma seria de consultar ao sector nin aos Estados Membros.*

- *FONDO: o informe do ICES non é actual nin cubre o conxunto de decisións que en base a este regulamento de execución está a adoptar a Comisión Europea e inclúe modalidades como o palangre de fondo, que non estaban consideradas, así como medidas en augas que non chegan aos 400 metros de profundidade.*

Por todo o exposto, e ante un novo ataque máis da Comisión Europea ao executar finalmente o seu veto á pesca de fondo, unha decisión que suporá a ruína dunha parte moi importante da nosa frota pesqueira, o grupo municipal do PSdeG-PSOE , solicita do Pleno da Corporación Municipal do Concello de Dodro a adopción dos seguintes acordos:

1. *Amosar o seu total apoio ao sector pesqueiro galego ante un novo ataque das institución comunitarias co veto da Comisión Europea á pesca de fondo, rexeitando rotundamente esta medida de veto á pesca de fondo.*

2. *Demandar da Xunta de Galicia que apoie as medidas e accións solicitadas polo Goberno do Estado á Comisión Europea para que:*

    a. *Suspenda a aplicación do regulamento de execución que veta á pesca de fondo 87 zonas do Atlántico Nororiental.*

    b. *Que proceda a súa revisión inmediata cos datos científicos actualizados, que xa están dispoñibles, e que xa están no poder da Comisión Europea.*

3. *Demandar da Xunta de Galicia que presente un recurso ante a xustiza europea contra o regulamento da Comisión Europea que prohibe a pesca de fondo en 87 zonas sensibles, tal e como anunciou publicamente, e, en liña co que presente o Estado e o propio sector.*

Dodro, 5 de outubro de 2022
Asdo.: Ramón Abuín Gómez
Voceiro do PSdeG-PSOE

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Vaino a defender o compañeiro e portavoz, Moncho Abuín"*

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Ramón Abuín Gómez, voceiro do PSdG-PSOE: *" Bueno, a moción que xa todos os concelleiros tendes a disposición, vaise facer unha emenda do BNG, que quere engadir un cuarto punto ao acordo, non sei si é agora o momento de decidir xa. Bueno, vouna resumir un pouco:*
O Regulamento do Parlamento Europeo do Consello do 11 de decembro do 2013, sobre política Pesqueira, recolle a posibilidade de prohibir a pesca en determinados lugares especialmente sensibles de augas profundas.
No 2016, en Europa o Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello, de 14 de decembro dese ano, específico de augas profundas, que sinala que o máis tardar o 13 de xaneiro de 2018, a Comisión Europea, adoptará os actos se execución, con obxecto de establecer unha lista de zonas, nas que se coñece a existencia de ecosistemas mariños vulnerables, ou que sexa probable que existan entre os 400 e 800 metros de profundidade, sobre a base de mellor información científica e técnica posible dispoñible, tendo presente tamén as validacións e identificacións levadas a cabo polos estados membros e o organismo científico consultivo, deste xeito prohibirase a pesca con artes de fondo en todas as zonas incluídas na lista, que será revisable cada ano.
A Comisión Europea non dou cumprimento ao contemplado no regulamento e o 15 de setembro, adoptou a decisión de pechar a pesca de fondo de 87 zonas ao longo da plataforma continental mariña comunitaria, que foi publicada o 19 de setembro no Diario Oficial da Unión Europea a través do regulamento que entrou en vigor no prazo de 20 días.
Este veto, sumamente prexudicial para os intereses da flota galega, nomeadamente das persoas que traballan na zona do litoral e do Gran Sol, levouse a cabo sen o diálogo necesario, a pesar de ser un tema de vital transcendencia.
Por parte dos órganos comunitarios, non se lle consultou aos estados membros dunha forma
seria, así como tampouco se tivo en conta ao sector pesqueiro. A esta falta de diálogo preocupante súmaselle ademais que se pretende executar este veto sen achegar os suficientes argumentos científicos e técnicos que o avalen sen un verdadeiro estudio socioeconómico que analice o impacto desta prohibición no propio sector.
España, xunto con Irlanda e Francia, conseguiron incluír na orde do día do Consello de Ministros, o tema do veto da Unión Europeo á pesca de fondo, para novamente amosar o seu rexeitamento a tal medida, tanto por motivos de forma, porque despois de non adopción por fallo da maioría, do ditame do Consello Consultivo, unha soa reunión, o pasado 26 de xullo, non é unha forma sería de consultar ao sector, nin aos estados membros. E de fondo, o informe do ICES non é actual nin cubre o conxunto de decisións, que en base de este regulamento de execución está a adoptar a Comisión Europea, e inclúe modalidades coma palangre de fondo, que non estaban consideradas, así como , medidas en augas que non chegan aos 400 metros de profundidade. Por todo, ante un novo ataque máis da Comisión Europea ao executar finalmente o seu veto á pesca de fondo, unha decisión que suporá a ruína dunha parte moi importante da nosa flota pesqueira, este grupo municipal, solicita do Pleno, adopción dos seguintes acordos:

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

1. *Amosar o seu total apoio ao sector pesqueiro galego, ante un novo ataque das institucións comunitarias, co veto da Comisión Europea á pesca de fondo, rexeitando rotundamente esta medida de veto á pesca de fondo.*
2. *Demandar da Xunta de Galicia que apoie as medidas e accións solicitadas polo goberno do Estado á Comisión Europea para que :*
   1) *suspenda a aplicación do regulamento de execución do veto á pesca de fondo de 87 zonas do atlántico nororiental e*
   2) *que proceda á súa revisión inmediata con datos científicos actualizados, que xa están dispoñibles e xa están en poder da Comisión Europea.*
3. *Demandar da Xunta de Gaicia que presente un recurso ante a xustiza Europea contra o Regulamento da Comisión Europea que prohiba a pesca de fondo en 87 zonas dispoñibles, tal e como anunciou publicamente e en liña co que presente o Estado e o propio sector.*

E agora ven a emenda do BNG que quere incluír. Querela ler ti, é o punto 4 que queres incluír, ou leo eu?"

Xoan Bautista Mariño Abuín, Voceiro do BNG: *"Nos non temos nada en contra da moción que presenta o grupo socialista. Nós o que entendíamos era que había que complementala, que se pode complementar. E así tampouco vamos a ter aquí outra moción do Bloque Nacionalista Galego, que iría no mesmo sentido.*
O que nós botamos en falta é poñer de manifesto, non só pedir ao goberno galego se non tamén, instar ao goberno español. Leo, somentes ten a copia destes acordos, estamos dacordo no Pleno en aprobalos e somentes lle pasei ao portavoz do grupo socialista, polo tanto, para que non sexa ilegal, non vaia a ser o demo! Entón léollo para todo o mundo. Así vai a estar todo o mundo sabedor e así creo que poderíamos soberanamente proceder á votación, ou non, se a consideramos. O que di a emenda que achega o BNG é:

Instar ao goberno español a:
a. Despregar todas as accións que como estado membro poida exercer para lograr a anulación do regulamento imposto pola Comisión Europea.
b. Esixir no inmediato unha moratoria na aplicación do regulamento.
c. Establecer medidas compensatorias, dialogadas co sector afectado, que en ningún caso impliquen o acceso a programas de despezamento ou exportación de buques a terceiros estados."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Finalizou a moción?"*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do PSdG-PSOE: *"Si"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pois vamos a dar o turno aos portavoces para que interveñan se o consideran. Portavoz do partido popular"*

Valentín Alfonsín Somoza, Voceiro do PP: *"Si, nos non fomos convocados de acordo coa lei, polo tanto tampouco vamos a participar neste punto".*

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do partido socialista"*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do PSdG-PSOE: *"O partido socialista, é partidario tamén de incluír esta emenda que presenta o BNG, e aprobar esta moción".*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Unidade Veciñal"*

Xoan Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Si, desde Unidade Veciñal, estamos de acordo con esta moción, ímola apoiar. Esta moción non só prexudica á flota pesqueira, se non tamén prexudica aos propios consumidores galegos, como estamos vendo, que xa, parece que hai..., están subindo os prezos e hai falta de algún tipo de peixe no mercado. E tamén estamos de acordo ca moción e polo tanto, imos votar a favor"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Bloque Nacionalista Galego, por favor".*

Xoan Bautista Mariño Abuín, Voceiro do BNG: *"Simplemente dar as grazas, se o Pleno ten a ben incluír esta modificación na moción do PSOE. Pensamos desde o BNG que tendo en conta que estamos falando da Unión Europea, na que hai 705 deputados e deputadas entre os que temos 21 da Alianza Progresista de Socialistas e Demócratas, 13 Partido Popular Europeo, era ben facerlle chegar a través do estado membro como é o estado español estas peticións. Nada máis e esperemos que saia adiante a proposta coa achega."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Entendo que se vota, ás dúas, ao texto xa refundido da moción* [intervén a secretaria], *non hai ningún problema pola nosa parte en incluír ese punto como unha moción do partido socialista, que conte que os tres concelleiros do partido socialista estamos de acordo sobre a inclusión desa achega do BNG, polo tanto entendemos que se poden votar conxuntas."*

Procédese a votación da inclusión do punto 4 na moción

Votacións:
Votos a favor: 6

1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro

Votos en contra: 0

0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

A secretaria que subscribe fai constar que os concelleiros do GM do PP non se pronuncian en ningún sentido, se ben de acordo co artigo 49 do Regulamento Orgánico municipal *"Cando un concelleiro/a ou grupo manifeste que non vota, tal posición terá a consideración de abstención".*

Abstencións: 3

0 BNG
3 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

Aprobada a inclusión do punto catro, a moción queda redactada como a continuación se transcribe:

"*O Grupo Municipal Socialista do Concello de Dodro de acordo ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno a seguinte Proposta de MOCIÓN:*

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Regulamento 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 11 de decembro de 2013, sobre a política pesqueira común recolle a posibilidade de prohibir a pesca en determinados lugares, especialmente sensibles, de augas profundas.

No ano 2016 aprobouse en Europa o Regulamento 2016/2336 del Parlamento Europeo e do Consello, de 14 de decembro de ese ano, específico de augas profundas que sinala que, a máis tardar o 13 de xaneiro de 2018, a Comisión Europea adoptará os actos de execución con obxecto de establecer unha lista de zonas nas que se coñece a existencia de ecosistemas mariños vulnerables ou que sexa probable que existan entre os 400 e 800 metros de profundidade sobre a base da mellor información científica e técnica dispoñible, tendo presentes tamén as avaliacións e identificacións levadas a cabo polos Estados membros e o organismo científico consultivo. Deste xeito prohibirase a pesca con artes de fondo en todas as zonas incluídas na lista que será revisada cada ano.

A Comisión Europea non deu cumprimento ao contemplado no citado Regulamento de 2016, mais recentemente coincidindo coa Conferencia dos Océanos en Lisboa, celebrada entre os días 26 de xuño e 1 de xullo do presente ano, o comisario de pesca europea fixo público que o organismo comunitario estaba a examinar se continuaba coa adopción dun regulamento para prohibir a pesca de fondo en zonas vulnerables, que afectaría a 94 áreas de augas comunitarias do Atlántico Nororiental. Decisión adoptada xusto despois de que no debate no Comité de Pesca, no que se tiña que dar o visto e prace a tal decisión non se acadara a maioría necesaria para sacar esta votación adiante.

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

España, xunto con Irlanda, votaron en contra desta prohibición.

O 15 de setembro a Comisión Europea adoptou a decisión de pechar á pesca de fondo 87 zonas ao longo da plataforma continental mariña comunitaria que foi publicada o 19 de setembro no Diario Oficial da Unión Europea (UE) a través do regulamento que entrará en vigor nun prazo de 20 días.

Este veto sumamente prexudicial para os intereses da frota galega, nomeadamente das persoas que traballan na zona de litoral e Gran Sol, levouse a cabo sen o diálogo necesario, a pesar de ser un tema de vital transcendencia. Por parte dos órganos comunitarios non se lles consultou aos estados membros dunha forma seria, así como tampouco se tivo en conta ao sector pesqueiro. A esta falta de diálogo preocupante súmaselle ademais que se pretende executar este veto sen achegar os suficientes argumentos científicos e técnicos que o avalen e sen un verdadeiro estudo socieconómico que analice o impacto desta prohibición no propio sector.

Novamente, España, xunto a Irlanda e Francia conseguiron incluír na orde do día do Consello de Ministros de Pesca da UE do día 26 de setembro o tema do veto da CE á pesca de fondo, para novamente amosar o seu rexeitamento a tal medida, tanto por motivos de:

- *FORMA: porque despois da non adopción por falla de maioría do ditame do Consello Consultivo , unha soa reunión o pasado 26 de xullo non é unha forma seria de consultar ao sector nin aos Estados Membros.*

- *FONDO: o informe do ICES non é actual nin cubre o conxunto de decisións que en base a este regulamento de execución está a adoptar a Comisión Europea e inclúe modalidades como o palangre de fondo, que non estaban consideradas, así como medidas en augas que non chegan aos 400 metros de profundidade.*

Por todo o exposto, e ante un novo ataque máis da Comisión Europea ao executar finalmente o seu veto á pesca de fondo, unha decisión que suporá a ruína dunha parte moi importante da nosa frota pesqueira, o grupo municipal do PSdeG-PSOE , solicita do Pleno da Corporación Municipal do Concello de Dodro a adopción dos seguintes acordos:

1. *Amosar o seu total apoio ao sector pesqueiro galego ante un novo ataque das institución comunitarias co veto da Comisión Europea á pesca de fondo, rexeitando rotundamente esta medida de veto á pesca de fondo.*

2. *Demandar da Xunta de Galicia que apoie as medidas e accións solicitadas polo Goberno do Estado á Comisión Europea para que:*

   Suspenda a aplicación do regulamento de execución que veta á pesca de fondo 87 zonas do Atlántico Nororiental.

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Que proceda a súa revisión inmediata cos datos científicos actualizados, que xa están dispoñibles, e que xa están no poder da Comisión Europea.

3. *Demandar da Xunta de Galicia que presente un recurso ante a xustiza europea contra o regulamento da Comisión Europea que prohibe a pesca de fondo en 87 zonas sensibles, tal e como anunciou publicamente, e, en liña co que presente o Estado e o propio sector.*

4. *Instar ao goberno español a:*
   a. Despregar todas as accións que como estado membro poida exercer para lograr a anulación do regulamento imposto pola Comisión Europea.
   b. Esixir no inmediato unha moratoria na aplicación do regulamento.
   c. Establecer medidas compensatorias, dialogadas co sector afectado, que en ningún caso impliquen o acceso a programas de despezamento ou exportación de buques a terceiros estados."

Procédese a votación do texto completo da moción.

Votacións:
Votos a favor: 6
1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro

Votos en contra: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

A secretaria que subscribe fai constar que os concelleiros do GM do PP non se pronuncian en ningún sentido, se ben de acordo co artigo 49 do Regulamento Orgánico municipal *"Cando un concelleiro/a ou grupo manifeste que non vota, tal posición terá a consideración de abstención".*

Abstencións: 3
0 BNG
3 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

Resultado: por maioría absoluta
Estado: Aprobada

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría dos concelleiros e concelleiras presentes a adopción do dito acordo.

8. GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE-EN DEFENSA DO SERVIZO BÁSICO E ESENCIAL DA EDUCACIÓN PÚBLICA

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

"O Grupo Municipal Socialista do Concello de Dodro, de acordo ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno a seguinte Proposta de MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comunidade educativa galega iniciou un novo curso académico. Trátase sen dúbida dun curso especialmente complexo tanto para as familias como para o profesorado e o alumnado.

Dunha banda as familias afrontan con dificultade o novo curso cunha perda de poder adquisitivo debido ao incremento xeneralizado dos prezos en toda Europa derivado da guerra en Ucraína e as súas consecuencias sobre a enerxía e as subministracións. As familias terán que facer fronte ao inicio de curso máis caro da historia cun custe medio nos centros públicos e concertados que supera os 480 euros por neno/a (libros de texto e material escolar).

A política actual do Partido Popular limítase a axudas mínimas ás rendas baixas (até 10.000 euros, máximo 210 euros por neno), e alumnado con NEAE (65% discapacidade, 275 euros), e a unha axuda ridícula para material escolar de 50 euros ás rendas iguais ou inferiores a 6.000 euros; axudas que nin cobren os custes totais dos libros de texto, nin son universais. Pódese dicir que a Xunta de Galicia ten abandonado as familias ante o curso máis caro da historia, pois nin ten actualizado as contías das axudas nin tampouco os límites que permiten o acceso a elas. E todo isto, a pesar dos fondos recibidos por parte do goberno do Estado que o pasado 21 de agosto aprobou unha partida de 58 millóns de euros para este fin.

Cómpre lembrar, que no ano 2009 coa chegada do señor Feijóo á Presidencia da Xunta de Galicia decidiu acabar co sistema de préstamo universal de libros de texto que viña funcionando tras ser implantado polo goberno presidido polo socialista Emilio Pérez Touriño. Dende aquela e tal e como o PSdeG vén denunciando de xeito incansable, as familias galegas padecen un sistema de axudas parciais aplicado polo PP ineficaz e insuficiente e rexeitado tamén por ANPA, sindicatos e comunidade educativa e que nestes anos mesmo obrigou xunto á colaboración dos concellos a organizar e achegar fondos ao banco solidario para tratar de aumentar os préstamos e compensar o desleixo da Xunta de Galicia estes anos coas familias.

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

En consecuencia, resulta preciso contrastar este modelo coa gratuidade universal dos libros de texto implantada polo Goberno Bipartito, cuxa derrogación no ano 2009 os/as galegos/as debemos ao específico empeño do Sr. Feijoó e ao seu primeiro goberno, do que, recordemos, tamén formaba parte o actual presidente da Xunta, o Sr. Rueda. Un sistema de gratuidade universal, para todos os/as usuarios/as de centros educativos sostidos con fondos públicos; medida que hoxe posúen comunidades como Andalucía, Valencia ou Navarra, e coa que sen dúbida todas as familias estarían hoxe protexidas fronte aos efectos da inflación no acceso a un dereito como é o dereito á educación.

Este é tamén un inicio de curso complexo para os docentes pola posta en marcha da reforma do sistema educativo propiciado pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (en adiante LOMLOE), que é clave para a modernización da educación deste país.

O profesorado afronta un reto fundamental que require todo o apoio e axuda da Xunta de Galicia para o que se precisan recursos e colaboración. Nembargantes, a resposta da Consellería de Educación é novamente a de facer recortes, dando as costas ao profesorado e ao estudantado.

Neste sentido, a orde publicada o pasado día 12 agosto, de modificación de unidades e postos de traballo de docentes dos centros públicos amosa novamente a vontade de deteriorar a oferta pública galega con 100 docentes e case 60 unidades menos respecto ao curso anterior en Infantil e Primaria. Uns recortes que afectan aos centros nos que o número de alumnado mantense, ou nalgún dos casos incluso medra.
Os novos recortes aplicados cara o inicio do presente curso 2022-23 supoñen:

- *O peche e/ou agrupamento de aulas, especialmente en zonas rurais.*
- *A perda de profesorado de apoio ao alumnado especialmente vulnerable con necesidades específicas de apoio educativo.*
- *O aumento das ratios, batendo novamente Galicia o "récord" das ratios máis altas do estado que nalgúns dos centros afectados superarán os 30 alumnos/as por aula.*
- *A redución da oferta educativa: imposibilidade nalgúns dos centros afectados de impartir materias optativas demandadas polo alumnado nos centros afectados.*
- *O aumento do número de centros educativos e alumnado ao que atenden as e os orientadores.*
- *A implantación de novos módulos de FP sen especialistas e con profesorado doutras familias profesionais e mesmo a redución da oferta de módulos xa existentes por falta de profesorado.*

Estes novos recortes efectuados cara o inicio do curso 2022-23 consolidan a estratexia do goberno do Partido Popular en Galicia de redución significativa do gasto público en servizos básicos que abondan na seu deterioro. Os continuos

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

recortes executados na educación pública do noso país están a xerar un incremento da desigualdade social e constitúen unha perda irreparable da igualdade de oportunidades, empeorando as condicións nas que se exerce o dereito á educación. Os datos din que hoxe temos unha educación peor en Galicia que hai 10 anos, amparándose o goberno do Partido Popular en tratar de convencernos de que a causa é a crise, cando realmente foron eles e as súas políticas os causantes de tal empeoramento.

Faise preciso tamén denunciar o groseiro uso político que tanto o conselleiro Rodríguez como o presidente Rueda veñen facendo da necesaria adaptación da ensinanza no noso país á reforma educativa en vigor, mediante un alarmante deixamento das súas funcións, pois somos unha das sete comunidades autónomas que aínda non ten aprobados os decretos de adaptación á LOMLOE (catro delas gobernadas polo PP). É dunha grave irresponsabilidade facer oposición ao Goberno do Estado tomando como reféns ao estudantado de Galicia.

Por último, esiximos á Xunta de Galicia, nun exercicio de lealdade institucional e transparencia, que faga público o destino dos fondos extraordinarios para Educación achegados á nosa comunidade autónoma tanto polo estado como pola UE para a mellora da educación pública (FP, dixitalización educativa, aumento da oferta de prazas públicas en educación infantil/extensión gratuidade de 0-3 anos), e tamén dos novos fondos anunciados para a adaptación climática das infraestruturas educativas.
Polo exposto, o grupo municipal do PSdeG propoñen a adopción do seguinte acordo:
O Pleno do Concello de Dodro insta á Xunta de Galicia a:

1. *A cumprir coas súas obrigas e responsabilidades no ámbito educativo, dispoñendo dos medios materias e persoais e dos recursos económicos que sexan precisos para garantir a prestación e o acceso ao servizo público esencial da educación e a pronta adaptación ás novas leis educativas.*
2. *A recuperar o sistema de gratuidade universal dos libros de texto.*
3. *A que faga público o destino dos fondos extraordinarios para a educación procedentes tanto da Unión Europea como tamén do Estado.*

Dodro, 5 de outubro de 2022
Ramón Abuín Gómez
Voceiro do PSdeG-PSOE"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"O punto 8 é outra moción do grupo municipal PSdG-PSOE, en defensa do Servizo Básico e Esencial da Educaión Pública. Vaino ler o portavoz do PSdG"*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do PSdG-PSOE: *"A comunidade educativa galega iniciou un novo curso académico. Trátase sen dúbida dun curso especialmente complexo tanto para as familias como para o profesorado e o alumnado.*

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Dunha banda as familias afrontan con dificultade o novo curso cunha perda de poder adquisitivo debido ao incremento xeneralizado dos prezos en toda Europa, derivado da guerra en Ucraína e as súas consecuencias sobre a enerxía e as subministracións. As familias terán que facer fronte ao inicio de curso máis caro da historia cun custe medio nos centros públicos e concertados que supera os 480 euros por neno/a (libros de texto e material escolar).

A política actual do Partido Popular limítase a axudas mínimas ás rendas baixas (ata 10.000 euros, máximo 210 euros por neno), e alumnado con NEAE (65% discapacidade, 275 euros), e a unha axuda ridícula para material escolar de 50 euros ás rendas iguais ou inferiores a 6.000 euros; axudas que nin cobren os custes totais dos libros de texto, nin son universais. Pódese dicir que a Xunta de Galicia ten abandonado as familias ante o curso máis caro da historia, pois nin ten actualizado as contías das axudas nin tampouco os límites que permiten o acceso a elas. E todo isto, a pesar dos fondos recibidos por parte do goberno do Estado que o pasado 21 de agosto aprobou unha partida de 58 millóns de euros para este fin.

Cómpre lembrar, que no ano 2009 coa chegada do señor Feijóo á Presidencia da Xunta de Galicia decidiu acabar co sistema de préstamo universal de libros de texto que viña funcionando tras ser implantado polo goberno presidido polo socialista Emilio Pérez Touriño. Dende aquela e tal e como o PSdeG vén denunciando de xeito incansable, as familias galegas padecen un sistema de axudas parciais aplicado polo PP ineficaz e insuficiente e rexeitado tamén por ANPA, sindicatos e comunidade educativa e que nestes anos mesmo obrigou xunto á colaboración dos concellos a organizar e achegar fondos ao banco solidario para tratar de aumentar os préstamos e compensar o desleixo da Xunta de Galicia estes anos coas familias.

En consecuencia, resulta preciso contrastar este modelo coa gratuidade universal dos libros de texto implantada polo Goberno Bipartito, cuxa derrogación no ano 2009 os/as galegos/as debemos ao específico empeño do Sr. Feijoó e ao seu primeiro goberno, do que, recordemos, tamén formaba parte o actual presidente da Xunta, o Sr. Rueda. Un sistema de gratuidade universal, para todos os/as usuarios/as de centros educativos sostidos con fondos públicos; medida que hoxe posúen comunidades como Andalucía, Valencia ou Navarra, e coa que sen dúbida todas as familias estarían hoxe protexidas fronte aos efectos da inflación no acceso a un dereito como é o dereito á educación.

O profesorado afronta un reto fundamental que require todo o apoio e axuda da Xunta de Galicia para o que se precisan recursos e colaboración. Nembargantes, a resposta da Consellería de Educación é novamente a de facer recortes, dando as costas ao profesorado e ao estudantado.

Os novos recortes aplicados cara o inicio do presente curso 2022-23 supoñen:

- *O peche e/ou agrupamento de aulas, especialmente en zonas rurais.*
- *A perda de profesorado de apoio ao alumnado especialmente vulnerable*

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

con necesidades específicas de apoio educativo.

- *O aumento das ratios, batendo novamente Galicia o "récord" das ratios máis altas do estado que nalgúns dos centros afectados superarán os 30 alumnos/as por aula.*
- *A redución da oferta educativa: imposibilidade nalgúns dos centros afectados de impartir materias optativas demandadas polo alumnado nos centros afectados.*
- *O aumento do número de centros educativos e alumnado ao que atenden as e os orientadores.*
- *A implantación de novos módulos de FP sen especialistas e con profesorado doutras familias profesionais e mesmo a redución da oferta de módulos xa existentes por falta de profesorado.*

Estes novos recortes efectuados cara o inicio do curso 2022-23 consolidan a estratexia do goberno do Partido Popular en Galicia de redución significativa do gasto público en servizos básicos.
Os datos din que hoxe temos unha educación peor en Galicia que hai 10 anos, amparándose o goberno do Partido Popular en tratar de convencernos de que a causa é a crise, cando realmente foron eles e as súas políticas os causantes de tal empeoramento.

Faise preciso tamén denunciar o groseiro uso político que tanto o conselleiro Rodríguez como o presidente Rueda veñen facendo da necesaria adaptación da ensinanza no noso país á reforma educativa en vigor, mediante un alarmante deixamento das súas funcións, pois somos unha das sete comunidades autónomas que aínda non ten aprobados os decretos de adaptación á LOMLOE (catro delas gobernadas polo PP). É dunha grave irresponsabilidade facer oposición ao Goberno do Estado tomando como reféns ao estudantado de Galicia.

Por último, esiximos á Xunta de Galicia, nun exercicio de lealdade institucional e transparencia, que faga público o destino dos fondos extraordinarios para Educación achegados á nosa comunidade autónoma tanto polo estado como pola UE para a mellora da educación pública (FP, dixitalización educativa, aumento da oferta de prazas públicas en educación infantil/extensión gratuidade de 0-3 anos), e tamén dos novos fondos anunciados para a adaptación climática das infraestruturas educativas.
Polo exposto, o grupo municipal do PSdeG propoñen a adopción do seguinte acordo:
O Pleno do Concello de Dodro insta á Xunta de Galicia a:

- *A cumprir coas súas obrigas e responsabilidades no ámbito educativo, dispoñendo dos medios materias e persoais e dos recursos económicos que sexan precisos para garantir a prestación e o acceso ao servizo público esencial da educación e a pronta adaptación ás novas leis educativas.*
- *A recuperar o sistema de gratuidade universal dos libros de texto.*
- *A que faga público o destino dos fondos extraordinarios para a educación procedentes tanto da Unión Europea como tamén do Estado."*

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas grazas. Un turno a cada portavoz. Portavoz do partido popular"*

Valentín Alfonsín Somoza, Voceiro do PP: *"Reiteramos no que dixemos antes, de que non fomos convocados legalmente, polo tanto tampouco participamos nese Pleno".*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben, portavoz do PSOE"*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do PSdG-PSOE: *"Bueno é reiterar o que acabo de ler"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Unidade Veciñal"*

Abel Tarrío Abuín, voceiro de Unidade Veciñal: *"Vamos a centrarnos no puntos do acordo. No punto 1: A cumprir coas súas obrigas e responsabilidades no ámbito educativo, dispoñendo dos medios materias e persoais e dos recursos económicos que sexan precisos para garantir a prestación e o acceso ao servizo público esencial da educación. Hoxe á tarde participei nun consello escolar no que comentaban que a educación lle exixe competencias dixitais aos nenos, ou que traballen as competencias dixitais, pero non subministran os equipos necesarios, entón, creo que vai na liña do punto 1.*
O punto 2 : A recuperación do sistema de gratuidade universal dos libros de texto. Estamos a favor, o que pasa é que non entendemos que o coste sexa cero, tanto para as familias que teñan unha renta de 20.000€, como para unha familia que teña unha renda de 300 mil euros. Ten que ir paralelo a esto, unha reforma fiscal que grave as rendas máis altas e ás rendas máis baixas, para que non haxa esa inxustiza no tema da gratuidade. Entendemos que unha familia que gaña 300 mil euros, non poden ser os libros de texto gratis, coma unha familia que teña unha renda de 20 mil euros, se non hai unha reforma fiscal que grave máis as rendas máis altas.
E o 3º punto: a que faga público o destino dos Fondos Extraordinarios para educación, procedentes, tanto da Unión Europea, como tamén do Estado, é unha cuestión de transparencia, para que non haxa sospeitas de a onde foron eses fondos, entón, estamos de acordo cos tres puntos e vamos a votar a favor."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas grazas, portavoz de Bloque Nacionalista Galego"*

Xoan Bautista Mariño Abuín, Voceiro do BNG: *"Un pouco reiterando o que xa se acaba de dicir aquí, creo que no corpo da moción misturábanse varias cousas. Eu quedeime co tema do ensino público e dos profesionais, eu creo que*

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

o ensino público galego, si que ten moi bos profesionais, e como, creo que é en el Cid "Dios que buen vasallo si hubiese buen Señor". Creo que si realmente o ensino público tivera cartos, se fora ben dotado, ese ensino público podería ser un modelo a moitos niveis. No que se refiren ás peticións coincidimos. Coincidimos na gratuidade. Entendemos desde o BNG de Dodro que a gratuidade como estaba concibido é para ser xustamente un ENSINO PÚBLICO, entendemos, polo tanto, que o ensino público é para todos igual. Entón aí habería non a igualdade, se non dar outro paso, a equidade. O que se desprende dos datos apuntados deste ano: máis prazas de interinidade sen cubrir, cartos para a privada, un millón dous centos setenta e sete mil só nun programa de reforzo educativo... É dicir que o PP que ten competencias plenas en educación, todo lo que no sea la privada noooo! Eu creo que iso é realmente un gran problema de a xente que agora mesmo está levando a cabo as aplicacións, xa non digamos as grandes reformas educativas que vimos sufrindo desde o ano 96.
Dito isto, o sentido da moción encaixa no que acabamos de dicir por parte dos portavoces que me precederon no que temos que tirar para adiante por eses bos profesionais e por ese bo ensino público, que estea ben dotado e por suposto, con luz e taquígrafo. Polo tanto, vamos a votar a favor."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Vamos proceder á votación"*
Procédese a votación

Votacións:

Votos a favor: 6
1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro

Votos en contra: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

A secretaria que subscribe fai constar que os concelleiros do GM do PP non se pronuncian en ningún sentido, se ben de acordo co artigo 49 do Regulamento Orgánico municipal *"Cando un concelleiro/a ou grupo manifeste que non vota, tal posición terá a consideración de abstención".*

Abstencións: 3
0 BNG
3 PP
0 PSdeG-PSOE

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

0 Unidade Veciñal de Dodro
Resultado: por maioría absoluta
Estado: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría dos concelleiros e concelleiras presentes a adopción do dito acordo.

9. GRUPO DE GOBERNO MUNICIPAL DO CONCELLO DE DODRO-SOBRE A PROBLEMÁTICA VIVIDA POLAS TRABALLADORAS DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

"O grupo de Goberno Municipal do Concello de Dodro formula para o seu debate e aprobación, a seguinte Moción.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A finais do pasado ano publicase a Ley 20/2021, de 28 de diciembre, de medidas urgentes para la reducción de la temporalidade en el emprego público.

Coa finalidade de minimizar a temporalidade nas Administracións públicas, a dita Lei recolle dous supostos:

- *Un proceso de estabilización para as prazas de carácter estrutural que estiveran ocupadas ininterrompidamente a lo menos nos tres anos anteriores ó 31 de decembro de 2020 (art.2), cun sistema de selección de concurso-oposición.*
- *Un proceso de estabilización <u>extraordinario</u> de emprego temporal de longa duración para aquelas prazas de carácter estrutural que estiveran ocupadas de forma ininterrompida con anterioridade ó 1 de xaneiro de 2016, cun sistema de selección de concurso.*

Todas as Administracións deben, para ambos casos, ter publicadas as convocatorias dos procesos de estabilización antes do 31 de decembro de 2022, motivo que xustifica a urxencia desta moción.

Así, a practica totalidade das Administracións están traballando en criterios que valoren prioritariamente, nas fases de concurso, a experiencia das persoas concursantes nas propias prazas das administracións que son obxecto da convocatoria. E dicir, nos criterios para estabilizar o posto de traballo dunha auxiliar administrativa deste concello, se valorara máis a experiencia dunha auxiliar administrativa que leve ocupando a praza neste concello, que a experiencia doutra auxiliar administrativa doutro concello ou, por suposto, doutra administración diferente a local. Non facelo así, non só sería desvirtuar o sentido da Lei, senón que sería un prexuízo para a propia Administración, que non obtería profesionais con experiencia contrastada para o desenvolvemento do traballo

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

específico nas prazas convocadas.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, segundo os seus Estatutos, é unha entidade de dereito público de carácter interadministrativo, con personalidade xurídica propia e diferenciada da dos entes consorciados, do cal forman parte a Xunta de Galicia e os concellos galegos, que concorreron inicialmente á súa formación, subscribindo o convenio do 6 de xullo de 2006, así como todos aqueles incorporados con posterioridade, a través dos correspondentes convenios, segundo o previsto no artigo 33 dos seus estatutos. Na actualidade está integrado por 285 concellos e 5 mancomunidades (DOGA do 1 de decembro de 2020). Por tanto, o Consorcio Galego, non é a Xunta de Galicia, e as súas traballadoras, non son traballadoras da Xunta de Galicia.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar converteuse nunha das Administracións con maior taxa de temporalidade, pasando do 90 %; unha temporalidade que afecta indiscutiblemente a mulleres, xa que, máis do 95% das máis de 2000 persoas que traballan nel, son mulleres.

Estas profesionais atenden a unha media anual de case 20.000 persoas e familias usuarias nos seus distintos servizos: Escolas Infantís, Centros de Día, Centros Residenciais, Vivendas Comunitarias, Oficinas de Igualdade e Benestar ou o Servizo de Xantar na casa.

A Xunta ten iniciado o proceso de elaboración de criterios para a baremación de méritos das prazas do Consorcio que saen a proceso de estabilización e que afectan a máis de 1300 profesionais.

Nos borradores que se coñecen, non valoran prioritariamente a experiencia das profesionais no Consorcio para seguir ocupando a súa praza, senón que igualan a baremación desta experiencia das profesionais do Consorcio, con profesionais doutras Administracións diferentes, como é a Xunta de Galicia, e que nunca traballaron no Consorcio. Analogamente, sería como si para estabilizar unha praza deste concello, se valorase o mesmo a experiencia no posto deste concello, que a experiencia dun posto na Deputación.

Se os criterios non mudan, para unha praza de psicóloga dunha residencia de maiores do Consorcio, se puntúa igual a unha profesional que leva ocupando esa praza 15 anos, que a outra psicóloga da Xunta de Galicia, que leva 15 anos traballando no ámbito da prevención das drogodependencias. Para unha praza de mestra nunha escola infantil do Consorcio, que atende a nenos de 0 a 3 anos, se valoraría igual a unha mestra que leva 15 anos ocupando este posto, que a outra mestra que ten 15 anos de experiencia na Xunta de Galicia educando a nenos e nenas de 5 e 6 anos, pero que ten 0 experiencia con bebés.

Estas profesionais do Consorcio son as mesmas ás que, dende a Xunta, se lles daban medallas de recoñecemento profesional polo seu traballo en primeira liña, no peor da pandemia, nas residencias de maiores, e pola súa atención e profesionalidade nas residencias integradas onde se coidaba e atendía a todas as persoas maiores con COVID.

Estas profesionais están na actualidade nunha folga que se estende durante os primeiros quince días de mes, entre setembro e decembro. Unha folga á que se

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

ven obrigadas para conseguir que na fase de concurso se lles valore con prioridade a súa experiencia e bagaxe profesional, máis que demostrada neste últimos quince anos.

Non facelo, ademais de constituír unha anomalía no cumprimento do espírito da lei 20/2021 de resarcir o dano causado polo abuso de temporalidade nas Administracións, conlevaría o desmantelamento dos equipos profesionais dos centros atendidos, dada a altísima temporalidade das traballadoras do Consorcio, e un dano económico para a propia Administración en indemnizacións que pagamos todos.

Por estes motivos, o grupo de Goberno Municipal do Concello de Dodro, solicita do Pleno da Corporación Municipal do Concello de Dodro a adopción dos seguintes acordos:

- *Instar a Xunta de Galicia a que a que cumpra a lei e negocie de boa fe co Comité de Folga, intentando chegar a acordos sobre os motivos da mesma.*
- *Instar a Xunta de Galicia a que nos criterios de baremación de méritos no proceso de estabilización e de estabilización extraordinaria referidos, se puntúe prioritariamente a experiencia das profesionais nos postos de traballo específicos desenvoltos no Consorcio Galego.*
- *Trasladar estes acordos ó Presidente da Xunta de Galicia instando a que actúe en consecuencia e resolva esta grave problema con carácter inmediato.*

Dodro, 5 de outubro de 2022

Ramón Abuín Gómez	*Xoán Xosé Vicente Franco Abuín*	*Xoán Bautista Mariño*
Voceiro do PSdeG-PSOE	*Voceiro de U.V.D.*	*Voceiro do BNG"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"O escrito que vai a defender o concelleiro Xoan Bautista,o escrito das traballadoras do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar que chegou aquí ao Concello e que vamos a traer aquí a este Pleno para o seu apoio, se é o caso, Xoan"*

Xoan Bautista Mariño Abuín, Voceiro do BNG: *"Si, paso a ler a moción enteira, anque sei que todos os grupos a teñen, pero consideramos que hai que lela como así nolo fixeron chegar.*

O grupo de Goberno Municipal do Concello de Dodro formula para o seu debate e aprobación, a seguinte Moción.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A finais do pasado ano publicase a Ley 20/2021, de 28 de diciembre, de medidas urgentes para la reducción de la temporalidade en el emprego público.

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Coa finalidade de minimizar a temporalidade nas Administracións públicas, a dita Lei recolle dous supostos:

- *Un proceso de estabilización para as prazas de carácter estrutural que estiveran ocupadas ininterrompidamente a lo menos nos tres anos anteriores ó 31 de decembro de 2020 (art.2), cun sistema de selección de concurso-oposición.*
- *Un proceso de estabilización extraordinario de emprego temporal de longa duración para aquelas prazas de carácter estrutural que estiveran ocupadas de forma ininterrompida con anterioridade ó 1 de xaneiro de 2016, cun sistema de selección de concurso.*

Todas as Administracións deben, para ambos casos, ter publicadas as convocatorias dos procesos de estabilización antes do 31 de decembro de 2022, motivo que xustifica a urxencia desta moción.

Así, a práctica totalidade das Administracións están traballando en criterios que valoren prioritariamente, nas fases de concurso, a experiencia das persoas concursantes nas propias prazas das administracións que son obxecto da convocatoria. E dicir, nos criterios para estabilizar o posto de traballo dunha auxiliar administrativa deste concello, se valorara máis a experiencia dunha auxiliar administrativa que leve ocupando a praza neste concello, que a experiencia doutra auxiliar administrativa doutro concello ou, por suposto, doutra administración diferente a local. Non facelo así, non só sería desvirtuar o sentido da Lei, senón que sería un prexuízo para a propia Administración, que non obtería profesionais con experiencia contrastada para o desenvolvemento do traballo específico nas prazas convocadas.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, segundo os seus Estatutos, é unha entidade de dereito público de carácter interadministrativo, con personalidade xurídica propia e diferenciada da dos entes consorciados, do cal forman parte a Xunta de Galicia e os concellos galegos, que concorreron inicialmente á súa formación, subscribindo o convenio do 6 de xullo de 2006, así como todos aqueles incorporados con posterioridade, a través dos correspondentes convenios, segundo o previsto no artigo 33 dos seus estatutos. Na actualidade está integrado por 285 concellos e 5 mancomunidades (DOGA do 1 de decembro de 2020). Por tanto, o Consorcio Galego, non é a Xunta de Galicia, e as súas traballadoras, non son traballadoras da Xunta de Galicia.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar converteuse nunha das Administracións con maior taxa de temporalidade, pasando do 90 %; unha temporalidade que afecta indiscutiblemente a mulleres, xa que, máis do 95% das máis de 2000 persoas que traballan nel, son mulleres.

Estas profesionais atenden a unha media anual de case 20.000 persoas e familias usuarias nos seus distintos servizos: Escolas Infantís, Centros de Día, Centros Residenciais, Vivendas Comunitarias, Oficinas de Igualdade e Benestar ou o Servizo de Xantar na casa.

A Xunta ten iniciado o proceso de elaboración de criterios para a baremación de méritos das prazas do Consorcio que saen a proceso de estabilización e que

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

afectan a máis de 1300 profesionais.

Nos borradores que se coñecen, non valoran prioritariamente a experiencia das profesionais no Consorcio para seguir ocupando a súa praza, senón que igualan a baremación desta experiencia das profesionais do Consorcio, con profesionais doutras Administracións diferentes, como é a Xunta de Galicia, e que nunca traballaron no Consorcio. Analogamente, sería como si para estabilizar unha praza deste concello, se valorase o mesmo a experiencia no posto deste concello, que a experiencia dun posto na Deputación.

Se os criterios non mudan, para unha praza de psicóloga dunha residencia de maiores do Consorcio, se puntúa igual a unha profesional que leva ocupando esa praza 15 anos, que a outra psicóloga da Xunta de Galicia, que leva 15 anos traballando no ámbito da prevención das drogodependencias. Para unha praza de mestra nunha escola infantil do Consorcio, que atende a nenos de 0 a 3 anos, se valoraría igual a unha mestra que leva 15 anos ocupando este posto, que a outra mestra que ten 15 anos de experiencia na Xunta de Galicia educando a nenos e nenas de 5 e 6 anos, pero que ten 0 experiencia con bebés.

Estas profesionais do Consorcio son as mesmas ás que, dende a Xunta, se lles daban medallas de recoñecemento profesional polo seu traballo en primeira liña, no peor da pandemia, nas residencias de maiores, e pola súa atención e profesionalidade nas residencias integradas onde se coidaba e atendía a todas as persoas maiores con COVID.

Estas profesionais están na actualidade nunha folga que se estende durante os primeiros quince días de mes, entre setembro e decembro. Unha folga á que se ven obrigadas para conseguir que na fase de concurso se lles valore con prioridade a súa experiencia e bagaxe profesional, máis que demostrada neste últimos quince anos.

Non facelo, ademais de constituír unha anomalía no cumprimento do espírito da lei 20/2021 de resarcir o dano causado polo abuso de temporalidade nas Administracións, conlevaría o desmantelamento dos equipos profesionais dos centros atendidos, dada a altísima temporalidade das traballadoras do Consorcio, e un dano económico para a propia Administración en indemnizacións que pagamos todos.

Por estes motivos, o grupo de Goberno Municipal do Concello de Dodro, solicita do Pleno da Corporación Municipal do Concello de Dodro a adopción dos seguintes acordos:

- *Instar a Xunta de Galicia a que a que cumpra a lei e negocie de boa fe co Comité de Folga, intentando chegar a acordos sobre os motivos da mesma.*
- *Instar a Xunta de Galicia a que nos criterios de baremación de méritos no proceso de estabilización e de estabilización extraordinaria referidos, se puntúe prioritariamente a experiencia das profesionais nos postos de traballo específicos desenvoltos no Consorcio Galego.*
- *Trasladar estes acordos ó Presidente da Xunta de Galicia instando a que actúe en consecuencia e resolva esta grave problema con carácter inmediato.*

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

É unha moción que foi asinada polos tres grupos que conforman o goberno de Dodro."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias, vamos dar un turno a cada portavoz. Portavoz do PP"*

Valentín Alfonsín Somoza, Voceiro do PP: *"Nos reiteramos en que este Pleno non debe celebrarse por non estar convocados"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do partido socialista".*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do PSdG-PSOE: *"Valga a reiteración, vamos a aprobar a moción esta do grupo socialista"*

O alcalde Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Unidade Veciñal".*

Xoan Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Si, dende Unidade Veciñal vamos a aprobar esta moción, porque vemos que en base a estabilización de emprego o que pretenden é vestir a un santo e desvestir a outro, non ten moito sentido agora mesmo rachar o grupos de traballo que están feitos, por exemplo aí no centro de día de Dodro. Non se pode valorar o mesmo a experiencia nun centro de día, por exemplo en Dodro, ca experiencia por exemplo, na Deputación da Coruña, ousea que a Unidade Veciñal vamos a votar a favor"*

O alcalde Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben, portavoz do BNG, se quere añadir algo máis"*

Xoan Bautista Mariño Abuín, Voceiro do BNG: *"Simplemente creo que témonos que felicitar porque o que se está pedindo aquí non é nin máis nin menos como acabamos de ver nos 1,2,3 puntos que se pide que é instar á Xunta de Galicia a que realmente se teña en conta esta traxectoria profesional, que ca lexislación, tamén entendemos, na man , pode ser factible: este tipo de consolidación, proceso de estabilización ou proceso de estabilización extraordinario. Eu creo que se pode atender ás reclamacións que ademais con maior motivo en Dodro, concello tan ben dotado. Antes falabamos do ensino tanto en CRA, coma no CPI...pero neste caso temos un Centro de Día, non todos os concellos poden contar con esa regalía, temos unha gardería infantil. Polo tanto estamos dalgún xeito obrigados a pedirlle e trasladarlle, estas peticións que nos fan chegar ao goberno de Dodro á Xunta de Galicia para que as teña en conta. Polo tanto eu agradezo, primeiro que me fixeran chegar isto, segundo aos demais membros por asinalo e espero que todo o mundo o poida aprobar neste pleno."*

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben, moitas grazas. Pois pasamos á votación"*

Procédese a votación

Votacións:

Votos a favor: 6
1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro

Votos en contra: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

A secretaria que subscribe fai constar que os concelleiros do GM do PP non se pronuncian en ningún sentido, se ben de acordo co artigo 49 do Regulamento Orgánico municipal *"Cando un concelleiro/a ou grupo manifeste que non vota, tal posición terá a consideración de abstención".*

Abstencións: 3
0 BNG
3 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

Resultado: por maioría absoluta

Estado: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría dos concelleiros e concelleiras presentes a adopción do dito acordo.

10. MOCIÓN DE APOIO AO MANIFESTO EN DEFENSA DA CRTVG-GRUPO DE GOBERNO DO CONCELLO DE DODRO

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

"O grupo de goberno do Concello de Dodro formula para o seu debate e

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

aprobación, a seguinte Moción de apoio ao manifesto en defensa da CRTVG.

MANIFESTO EN DEFENSA DA CRTVG

Os medios audiovisuais públicos de Galiza son un servizo esencial que ten como misión difundir contidos destinados a garantir a cultura e a lingua galega, a independencia e a veracidade da información, o pluralismo, a cohesión social e territorial, a promoción dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas e a calidade da propia democracia.

Eses contidos son representacións simbólicas que afectan á maneira de oír, de ver e, en definitiva, de experimentar o mundo que vivimos, e, polo tanto, requiren dun papel activo da cidadanía á hora de establecer criterios orientadores e de vixiar o cumprimento dos mesmos; isto é, requiren da participación e do control social.

Porén, o executivo galego mantén SECUESTRADAS a nosa radio e a nosa televisión. Actuando ao servizo da forza política no goberno, a actual dirección da CRTVG antepón os intereses do Partido Popular aos valores de carácter ético-político nos que debe fundamentarse o servizo público, relacionados coas necesidades democráticas, sociais e culturais do noso pobo.

Alfonso Sánchez Izquierdo, designado a dedo hai 13 anos polo noutrora presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, é expresión dun modelo de radiotelevisión que non garante a independencia do ente público. Que reduce a variedade, o equilibrio e a calidade do conxunto de programacións e servizos audiovisuais destinados aos diferentes públicos. Que posibilita a emisión noutras linguas distintas do galego. Que non potencia a participación e o control social. Que dá entrada ao capital privado e deixa nas súas mans boa parte da programación da CRTVG, comprometendo os valores de servizo público antes mencionados.

Neste contexto, as organización sociais, culturais, sindicais, políticas e profesionais abaixo asinantes consideramos que a sociedade galega debe saír ao RESCATE do noso servizo público de comunicación audiovisual, e expresamos a nosa firme vontade de defender a existencia dunha radiotelevisión pública:

- *Que garanta o respecto escrupuloso á obxectividade, a imparcialidade, a neutralidade, a veracidade e o pluralismo informativo, erradicando a manipulación e a cancelación de contidos e profesionais.*
- *Que recupere a perspectiva da realidade social, laboral, económica e cultural do país e de todo o seu tecido social, nos contidos informativos, divulgativos, educativos e de entretemento. A tal fin, garantirase o dereito de acceso, segundo criterios obxectivos de representación e implantación social, sen que poida excluirse ningún grupo social e co máximo respecto ao pluralismo e á participación democrática de toda a sociedade galega.*
- *Que recupere a cobertura territorial de todo o país e as desconexións locais, espazos fundamentais para o dereito da cidadanía a acceder ao que acontece na súa contorna máis próxima.*
- *Que promova e defenda a identidade de Galiza, da súa lingua e da súa*

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

cultura, co estímulo á produción editorial, teatral, músical, audiovisual e demais expresións artísticas e escénicas do país.

- *Que xogue un papel estratéxico na converxencia dixital e garanta a presenza do galego nas plataformas dixitais.*
- *Que fomente a través dos contidos a igualdade e a non discriminación, a diversidade sexual, integrando a perspectiva de xénero e fomentando accións positivas, así como o uso da linguaxe non sexista.*
- *Que preste especial atención á programación dirixida á infancia e á mocidade, por canto que representan o futuro da sociedade, recuperando unha das principais funcións para a que foi creada a Galega, o fortalecemento da Cultura e a lingua propias de Galiza, así como o seu papel educativo, socializador e galeguizador.*
- *Que dispoña da estrutura, dimensión e recursos materiais, orzamentarios e humanos necesarios para desenvolver con autonomía as misións de servizo público que ten encomendadas.*
- *Que cumpra a súa función estratéxica como motor do desenvolvemento da produción audiovisual independente, con transparencia e evitando a concentración das compras nun número reducido de provedores.*

Por último, instamos aos poderes públicos de Galiza ao cumprimento da normativa do sector audiovisual público galego, nomeadamente a designación do Director Xeral por maioría cualificada do Parlamento galego; o establecemento dos obxectivos xerais que debe cumprir a CRTVG, a través do correspondente mandato marco; a aprobación do Estatuto Profesional e o Consello de Informativos, ou a creación dunha autoridade audiovisual independente que vele polo cumprimento das misións de servizo público encomendadas á CRTVG, conforme aos principios expresados neste manifesto.

Por isto, o grupo de goberno PROPÓN ao Pleno da Corporación:

Primeiro. Que o concello de Dodro se sume e apoie cada un dos puntos arriba expostos.
Segundo. Trasladar a solicitude de cumprimento da normativa do sector audiovisual público galego, nomeadamente a designación do Director Xeral por maioría cualificada do Parlamento galego á Secretaría Xeral de Medios."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Xoan Xosé, como antigo traballador da compañía vai a defender a moción"*

Xoan Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: "*Vou a proceder a ler a moción de apoio ao manifesto en defensa da CRTVG.*

O grupo de goberno do Concello de Dodro formula para o seu debate e aprobación, a seguinte Moción de apoio ao manifesto en defensa da CRTVG.

Os medios audiovisuais públicos de Galiza son un servizo esencial que ten como misión difundir contidos destinados a garantir a cultura e a lingua galega, a

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

independencia e a veracidade da información, o pluralismo, a cohesión social e territorial, a promoción dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas e a calidade da propia democracia.

Eses contidos son representacións simbólicas que afectan á maneira de oír, de ver e, en definitiva, de experimentar o mundo que vivimos, e, polo tanto, requiren dun papel activo da cidadanía á hora de establecer criterios orientadores e de vixiar o cumprimento dos mesmos; isto é, requiren da participación e do control social.

Porén, o executivo galego mantén SECUESTRADAS a nosa radio e a nosa televisión. Actuando ao servizo da forza política no goberno, a actual dirección da CRTVG antepón os intereses do Partido Popular aos valores de carácter ético-político nos que debe fundamentarse o servizo público, relacionados coas necesidades democráticas, sociais e culturais do noso pobo.

Alfonso Sánchez Izquierdo, designado a dedo hai 13 anos polo noutrora presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, é expresión dun modelo de radiotelevisión que non garante a independencia do ente público. Que reduce a variedade, o equilibrio e a calidade do conxunto de programacións e servizos audiovisuais destinados aos diferentes públicos. Que posibilita a emisión noutras linguas distintas do galego. Que non potencia a participación e o control social. Que dá entrada ao capital privado e deixa nas súas mans boa parte da programación da CRTVG, comprometendo os valores de servizo público antes mencionados.

Neste contexto, as organización sociais, culturais, sindicais, políticas e profesionais abaixo asinantes consideramos que a sociedade galega debe saír ao RESCATE do noso servizo público de comunicación audiovisual, e expresamos a nosa firme vontade de defender a existencia dunha radiotelevisión pública:

- *Que garanta o respecto escrupuloso á obxectividade, a imparcialidade, a neutralidade, a veracidade e o pluralismo informativo, erradicando a manipulación e a cancelación de contidos e profesionais.*
- *Que recupere a perspectiva da realidade social, laboral, económica e cultural do país e de todo o seu tecido social, nos contidos informativos, divulgativos, educativos e de entretemento. A tal fin, garantirase o dereito de acceso, segundo criterios obxectivos de representación e implantación social, sen que poida excluírse ningún grupo social e co máximo respecto ao pluralismo e á participación democrática de toda a sociedade galega.*
- *Que recupere a cobertura territorial de todo o país e as desconexións locais, espazos fundamentais para o dereito da cidadanía a acceder ao que acontece na súa contorna máis próxima.*
- *Que promova e defenda a identidade de Galiza, da súa lingua e da súa cultura, co estímulo á produción editorial, teatral, musical, audiovisual e demais expresións artísticas e escénicas do país.*
- *Que xogue un papel estratéxico na converxencia dixital e garanta a presenza do galego nas plataformas dixitais.*

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

- *Que fomente a través dos contidos a igualdade e a non discriminación, a diversidade sexual, integrando a perspectiva de xénero e fomentando accións positivas, así como o uso da linguaxe non sexista.*
- *Que preste especial atención á programación dirixida á infancia e á mocidade, por canto que representan o futuro da sociedade, recuperando unha das principais funcións para a que foi creada a Galega, o fortalecemento da Cultura e a lingua propias de Galiza, así como o seu papel educativo, socializador e galeguizador.*
- *Que dispoña da estrutura, dimensión e recursos materiais, orzamentarios e humanos necesarios para desenvolver con autonomía as misións de servizo público que ten encomendadas.*
- *Que cumpra a súa función estratéxica como motor do desenvolvemento da produción audiovisual independente, con transparencia e evitando a concentración das compras nun número reducido de provedores.*

Por último, instamos aos poderes públicos de Galiza ao cumprimento da normativa do sector audiovisual público galego, nomeadamente a designación do Director Xeral por maioría cualificada do Parlamento galego; o establecemento dos obxectivos xerais que debe cumprir a CRTVG, a través do correspondente mandato marco; a aprobación do Estatuto Profesional e o Consello de Informativos, ou a creación dunha autoridade audiovisual independente que vele polo cumprimento das misións de servizo público encomendadas á CRTVG, conforme aos principios expresados neste manifesto.

Por isto, o grupo de goberno PROPÓN ao Pleno da Corporación:

Primeiro. Que o concello de Dodro se sume e apoie cada un dos puntos arriba expostos.
Segundo. Trasladar a solicitude de cumprimento da normativa do sector audiovisual público galego, nomeadamente a designación do Director Xeral por maioría cualificada do Parlamento galego á Secretaría Xeral de Medios. É todo."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben, moitas gracias, vou dar turno a cada portavoz, portavoz do PP".*

Valentín Alfonsín Somoza, Voceiro do PP: *"Si, nos reiteramos en que non participamos neste Pleno por estar convocado de forma ilegal".*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do partido socialista".*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do PSdG-PSOE: *"Quero destacar o punto este que di: Que garanta o respecto escrupuloso á obxectividade, a imparcialidade, a neutralidade, a veracidade e o pluralismo informativo, erradicando a manipulación e a cancelación de contidos e profesionais. Logo do secuestro que nos ten o partido popular da nosa radio e da nosa televisión."*

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Portavoz de Unidade Veciñal".*

Xoan Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Bueno, nada máis, eu decir que convoco, bueno, está convocada unha manifestación o día 6 de novembro, precisamente, en Santiago de Compostela, para reclamar unha radio e televisión públicas ó servicio do pobo e tamén en defensa de este manifesto. E recordar tamén que hai unha plataforma que se leva manifestando na propia radio e televisión galega que se chama "Defende a galega", que levan durante case 300 venres, manifestándose todos na propia empresa."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do BNG".*

Xoan Bautista Mariño Abuín, Voceiro do BNG :*"Si, decíalle ao portavoz de Unidade Veciñal que son 230 venres negros. E a única televisión que é dobremente dixital , aquí a que temos, é dixital porque xa son todo dixitales e é dixital porque é todo a dedo, entón claro. Tendo este tipo de televisión, case ten que volver a manifestarse, porque xa no é a primeira vez que nos manifestamos, eu polo menos, en Santiago, pedindo, cando moita xente de distintos tipos de cores, de distintos tipos de crenzas, que podemos ter unha produción propia, podemos ter unha mellor televisión pública e podemos ter unha televisión para todos, que agora mesmo polo que levamos vendo non o é. Pois se non, non a traeríamos aquí. A ninguén lle agrada vir aquí cunha moción con estas características se todo funcionara realmente como debería de funcionar. Polo tanto, o BNG seguramente estará se non hai novidade, nesa manifestación outra vez e de momento vamos a aprobar a moción."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias, vamos a proceder á votación."*

Procédese a votación
Votacións:
Votos a favor: 6

1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro

Votos en contra: 0

0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

A secretaria que subscribe fai constar que os concelleiros do GM do PP non se pronuncian en ningún sentido, se ben de acordo co artigo 49 do Regulamento Orgánico municipal *"Cando un concelleiro/a ou grupo manifeste que non vota, tal*

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

posición terá a consideración de abstención".

Abstencións: 3
0 BNG
3 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
Resultado: por maioría absoluta

Estado: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría dos concelleiros e concelleiras presentes a adopción do dito acordo.

MOCIÓN DE URXENCIA

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Agora, de acordo co ROF, co seu artigo 91, dicir que hai unha moción de urxencia presentada esta tarde, paso a entregar unha copia a cada concelleiro. O presentante, o grupo presentante, Abel, de acordo co mesmo ROF, e antes de entrar no apartado Rogos e Preguntas, xustificará a urxencia da moción. Cando queiras Abel."*

Abel Tarrío Abuín, voceiro de Unidade Veciñal: *"Presentei unha moción de urxencia, no ROF pon que as propostas que se someten directamente a coñecemento do Pleno por razóns de urxencia, deberán formularse por escrito e entregarse á Presidencia, como mínimo oito horas antes da celebración do Pleno, de feito, metina por sede electrónica á mañá, como manda o ROF.*
O motivo da urxencia é que o pasado domingo, saleu na prensa, unha entrevista á xerente do SERGAS, Estrella López Pardo, que dixo a lapidaria frase de" la población tiene que entender, que no podrá haber un pediatra en cada centro de salud", entendo que é un puñal aos concellos pequenos como é Dodro, que a liña sanitaria que vai levar a cabo, este xerente, en base que foi nomeada por Alfonso Rueda no mes de agosto, é suprimir o servizo de pediatría en concellos como o de Dodro.
Creo que como representantes dos concellos, non podemos deixar pasar nin un día máis, para ponunciarnos como representantes máis cercanos dos nosos veciños, e creo que ten que ser o Pleno do Concello, quen se pronuncie, a favor ou en contra, desta política sanitaria que vendeu a xerente do SERGAS, Estrella López Pardo, creo que é lóxico que se debata neste Pleno, e urxente."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís*: "Pois vamos a votar a urxencia da moción"*

Procédese, a continuación a votar a urxencia e a inclusión desta proposta na orde do día, con resultado de maioría de todos os membros presentes

Asunto: **MOCIÓN EN DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA GALEGA**

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Ratificación da urxencia:
Votos a favor:6
Votos en contra: 0
Abstencións:3

A secretaria que subscribe fai constar que os concelleiros do GM do PP non se pronuncian en ningún sentido, se ben de acordo co artigo 49 do Regulamento Orgánico municipal *"Cando un concelleiro/a ou grupo manifeste que non vota, tal posición terá a consideración de abstención".*

Ratificada a inclusión na orde do día, o Alcalde inicia o debate sobre a proposta de acordo, a cal se inclúe completa.

11. MOCIÓN EN DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA GALEGA GRUPO MUNICIPAL UNIDADE VECIÑAL DE DODRO

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

"O Grupo Municipal Unidade Veciñal de Dodro de acordo ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno a seguinte Proposta en forma de MOCIÓN DE URXENCIA:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sanidade pública é quizáis o logro máis grande que conseguimos como sociedade nas últimas décadas.

Durante moito tempo a sanidade no estado español foi vangarda en todo o mundo pola súa universalidade, un sistema que foi unha das construccións colectivas das que máis orgullosos nos sentimos.

A sanidade é unha das competencias tranferidas as Comunidades Autónomas, é polo tanto responsabilidade destas a súa xestión en canto a investimento e deseño das políticas públicas orientadas a prestar un servizo de calidade que debe ser a garantía dunha vida digna a respecto do máis importante, a saúde das persoas.

Nos últimos anos o sistema sanitario galego está a sufrir un deterioro continuo que ten como fin último a súa privatización, que supón a perda da súa universalidade, e que rompe o principio polo que foi creada, dar servizo sanitario a calquera persoa independentemente do diñeiro que tivera na conta.

Moitos son os casos que acreditan a súa deterioración.

- *As listas de espera para unha consulta especializada supera os dous meses, podendo chegar a máis de tres en algunhas áreas*

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

sanitarias, aínda que todos sabemos de casos moito máis escandalosos de máis de medio ano.

- *A derivación de probas diagnósticas e de ciruxía a centros privados, feito que se acredita nunha chamada telefónica onde nos informan de que se queremos ser atendidos e atendidas de forma máis rápida temos que aceptar ser tratados nun hospital ou clínica privada.*
- *A introdución dos copagos, o que supón manter un mecanismo de financiamento que penaliza as persoas máis enfermas e/ou con menos recursos económicos.*
- *A non substitución de persoal sanitario en caso de baixas, vacacións... algo que sufrimos de maneira clara no caso de Dodro, onde a asistencia pediátrica limítase a tres días a semana, quedando sen servizo de pediatría nestes casos. Acaso non temos dereito a ter un servizo de pediatría de calidade e garantizado en Dodro? Nos creemos que si.*
- *A falta de persoal sanitario que sobrecarga o persoal existente empeorando a asistencia sanitaria na consulta.*
- *A falta de camas en diferentes servizos sanitarios como o da mediciña interna no CHUS, área a que pertence o concello de Dodro e que sufre de forma directa.*
- *As longas esperas nunhas saturadas urxencias hospitalarias.*

Por todo o exposto e despois de que nunha entrevista o pasado domingo a xerente do SERGAS Estrella López-Pardo dixera a lapidaria frase de «La población tiene que entender que no podrá haber un pediatra en cada centro de salud» o grupo municipal da Unidade Veciñal de Dodro , solicita do Pleno da Corporación Municipal do Concello de Dodro a adopción dos seguintes acordos:

1. *Establecer a atención telefónica previa as consultas e presencial nas consultas de forma preferente a non ser que así o decida o paciente.*
2. *Aumentar as plantillas de atención primaria para mellorar a atención nos Centros de Saúde e non colapsar as urxencias.*
3. *Substitución de persoal sanitario en caso de baixas, vacacións...como pasa no caso de pediatría en Dodro.*
4. *O SERGAS revertirá a derivación de probas diagnósticas e ciruxías aos centros privados desde centros públicos.*
5. *A eliminación do copago nos medicamentos e tamén en elementos sanitarios como prótesis, silla de rodas...*
6. *Aumentar o persoal sanitario en hospitais para reducir listas de espera tanto para probas diagnósticas, ciruxías e consultas médicas e de urxencia.*

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

7. *Trasladar este acordo ao Conselleiro de Sanidade da Xunta de Galicia Julio García Comesaña.*

Dodro, 18 de outubro de 2022

Asdo. Abel Tarrío Abuín."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: "Moitas gracias"

A secretaria-interventora que subscribe indica *"entendo que aquí hai un erro de redacción do concelleiro onde di que "se solicita ao Pleno da corporación do Concello de Dodro a adopción dos seguintes acordos". Estes acordos que están plasmados aquí, non son competencia do concello, en todo caso, entendo que se refire a INSTAR; pois entón ten que corrixir para que quede na moción"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pon o texto como di, pero di, corrixe o texto"*

Abel Tarrío Abuín, voceiro de Unidade Veciñal: *"O grupo Municipal Unidade Veciñal solicita ao Pleno da corporación Municipal do Concello de Dodro, instar á Xunta de Galicia á adopción dos seguintes acordos".*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Gracias, vamos a dar un turno a cada portavoz, portavoz do Partido Popular"*

Valentín Alfonsín Somoza, Voceiro do PP: *"Nos reiteramos unha vez máis que a convocatoria non se corresponde co que marca a lei e polo tanto, este Pleno, considerámolo que é nulo"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Socialista".*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do PSdG-PSOE: *"Bueno neste caso, vai defender a posición do partido socialista o propio alcalde".*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís*:" Pois sinto moitísimo non escoitar... Primeiro decir que evidentemente estou de acordo co texto da moción. O estropicio realizado na sanidade galega polos gobernos do partido popular, empeza a ser realmente preocupante, está facendo que cada vez sea máis difícil a recuperación, e sinto persoalmente non escoitar a opinión do portavoz do Partido Popular neste tema, porque realmente é... e como tal, a pesar da urxencia que votamos todos ahora, o compromiso de discutir esta moción ahora mesmo, comprométome a traela en outro Pleno ordinario para escoitar, máis ou menos nos mismos termos, a opinión do portavoz do Partido Popular, que realmente,*

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

teño ganas en ver como defende o seu partido neste Pleno do Concello de Dodro. Gracias por deixarme o turno Moncho.
Portavoz de Unidade Veciñal"

Abel Tarrío Abuín, voceiro de Unidade Veciñal: *"Bueno, pois como dixo o alcalde, é unha pena que o portavoz e os membros do Partido Popular, colleran ese berrinche infantil e non participen nun debate que é fundamental decidir se nos concellos pequenos debe de haber pediatra ou non debe de haber pediatra, se instar á Xunta a cubrir as baixas do pediatra no concello de Dodro, ou subscribir as palabras da xerente do SERGAS que foi nomeada polo presidente da Xunta, é unha pena que collera ese berrinche que non sepamos a súa opinión pero o que vai a quedar na Acta, vai a ser que vostede, vostede non, vostedes abstéñense en instar á Xunta de Galicia a cubrir as baixas, por exemplo, do servizo de pediatría no concello de Dodro. É unha pena pero bueno, as cousas son así, os berrinches da xente adulta ás veces tamén pasan e espero que lle pase."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Bloque Nacionalista Galego".*

Xoan Bautista Mariño Abuín, voceiro do BNG: *"O BNG votou xa a favor da urxencia. É un tema tristemente recorrente. Mocións deste tipo foron tratadas no parlamento galego, manifestacións -creo que debe haber unha manifestación en cada comarca do pais por mes. E aquí en Dodro quen se atreve a dicirlle a Dodro que se apañe sen pediatra? Xa agora mesmo, como se dicía e recordaba no corpo, temos un servizo que está compartido, e agora que se lle diga, ademáis desta maneira, que nos apañemos sen pediatra?*
Agora que en Dodro temos CRA, temos CPI; temos un Centro de Día que recordabamos antes, temos unha gardería, bueno o Centro de Saúde está nunha esquina de Dodro pero temos Centros de Saúde e vamos a defender ese centro de saúde con todo o persoal que realmente fai falta. Sería inaudito, co incremento de poboación que estamos tendo, co apoio deste goberno decidido para fixar poboación que lle digamos á poboación que quere vir para Dodro: resulta que - Mire, non vai a haber pediatra!
Como nas mocións de antes o que está aquí encima da mesa por parte deste goberno municipal, é a defensa do Sector Público, polo tanto nese sentido vai esta moción e nese sentido imos a apoiar todas aquelas mocións que veñan en este sentido."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pois moitas gracias, vamos a proceder á votación da moción."*

Procédese a votación
Votacións:
Votos a favor: 6
1 BNG
0 PP

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro

Votos en contra: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

A secretaria que subscribe fai constar que os concelleiros do GM do PP non se pronuncian en ningún sentido, se ben de acordo co artigo 49 do Regulamento Orgánico municipal *"Cando un concelleiro/a ou grupo manifeste que non vota, tal posición terá a consideración de abstención".*

Abstencións: 3
0 BNG
3 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

Resultado: por maioría absoluta
Estado: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría dos concelleiros e concelleiras presentes a adopción do dito acordo.

12. ROGOS E PREGUNTAS

Ningunha.

Ás 21:40 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

Dodro, documento asinado dixitalmente

A secretaria-interventora, Sandra María García Chenlo

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís

CVD: X7bRB4QJ4c22iyewWeql
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.